# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión do 17 de ABRIL de 2026

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Mª José Caride Estévez
Dª. Ana M.ª Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dezasete de abril de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(285).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 10 de abril de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(286).- TOMAR RAZÓN DA SUCESIÓN DO CONTRATISTA NOS SEGUINTES CONTRATOS: "EVOLUCIÓN TECNOLÓXICA E MANTEMENTO DA APLICACIÓN DE XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS E NÓMINAS" E "XESTIÓN DA SEGURIDADE SOCIAL NO CONCELLO DE VIGO EN CUMPRIMENTO DE OBRIGAS LEGAIS". EXPTE. 7176/241.**
Sométese a aprobación o informe-proposta do 14/04/2026, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 14:50 | Páxina 1 de 98 |
| 2071-1102 Aprobado por XGL 24/04/2026 | CSV: A9B1A2-DDD1D6-534DD2-W9UJ6H-USVGPW-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 16 de maio de 2025, acordou adxudicar a SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADAS, SL o procedemento procedemento negociado sen publicidade do contrato da evolución tecnolóxica e mantemento da aplicación de xestión de RR.HH. e nóminas (10551-113).

O contrato formalizouse o 12 de xuño de 2025, por un prazo de 4 anos, comezando a súa execución o 13 de xuño, estando prevista unha prórroga dun ano de duración para a parte variable do contrato (mantemento estándar e soporte estendido).

**Segundo.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 29 de decembro de 2022, acordou adxudicar a SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADAS, SL o procedemento aberto para a contratación da xestión da Seguridade Social no Concello de Vigo en cumprimento de obrigas legais (39.142-220).

O contrato formalizouse o 1 de febreiro de 2023, por un prazo de 2 anos, comezando a súa execución o 2 de febreiro, estando previstas tres prórrogas dun ano de duración cada unha.

A Xunta de Goberno local, na sesión do 31 de xaneiro de 2025, autorizou a primeira prórroga deste contrato para o período comprendido entre o 2 de febreiro de 2025 e o 1 de febreiro de 2026**.**

Mediante acordo de data 23 de xaneiro de 2026 a Xunta de Goberno local autorizou a segunda prórroga deste contrato para o período comprendido entre o 2 de febreiro de 2026 e o 1 de febreiro de 2027.

**Terceiro.-** Con data do 12 de marzo de 2026, BL ESPAÑA SOFTWARE SLU presenta escrito (documento nº 260060264), asinado por María de Gracia García Montero no que comunica que *"AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS, S.L.U. ha modificado su denominación social, que ha pasado a ser la de BL ESPAÑA SOFTWARE, S.L.U., conservando su mismo N.I.F., B-41632332. Y que adicionalmente, BL ESPAÑA SOFTWARE, S.L.U ha formalizado la fusión por absorción de las sociedades integrantes del*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

*mismo grupo, ABS INFORMÁTICA, S.L.U. (N.I.F. B-59383596) (la Sociedad Absorbida ) y SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L.U. (N.I.F. B-80004732) (la Sociedad Absorbida ). La fusión ha sido inscrita con fecha 20 de enero de 2026 y por tanto los patrimonios y relaciones negociales de las absorbidos han sido asumidos por sucesión universal desde esta misma fecha por la citada BL ESPAÑA SOFTWARE, S.L.U. Solicita mediante el presente escrito dichas actualizaciones en vuestras Bases de Datos".*

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación en relación con BL ESPAÑA SOFTWARE, SLU:

1. CIF
2. Certificado de conta bancaria
3. Certificados de estar ao corrente coa AEAT e a TGSS
4. Certificado de alta no IAE
5. Poder de representación e DNI
6. Escritura de fusión de sociedades: fusión por absorción de ABS INFORMÁTICA, SLU e SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, SLU (sociedades absorbidas) e por BL ESPAÑA SOFTWARE, SLU (anteriormente denominada AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS, SLU (sociedade absorbente) e de elevación a público de acordos sociais en BL ESPAÑA SOFTWARE, SLU (cambio de denominación social, traslado de domicilio social, cese e nomeamento de conselleiro e de presidente do consello de administración), outorgada o día 30 de setembro de 2025 perante o notario de Madrid, D. Gregorio Javier Sierra Martínez, co número de protocolo 5.821.
7. Declaración responsable (sen asinar) na que declara, entre outros, que a sociedade está validamente constituída, que sucederá ás sociedades absorbidas na totalidade dos seus dereitos, obrigas, contratos e relacións xurídicas de calquera natureza, que cumpre os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional esixidos, que non está incursa en prohibición de contratar, que pertence a un grupo de empresas, que ten contratada unha póliza de responsabilidade civil, que ten máis de 50 traballadores, que dispón dun plan de igualdade.

**Cuarto.-** Con data do 17 de marzo de 2026, BL ESPAÑA SOFTWARE SLU presenta escrito (documento nº 260063349), asinado por María de Gracia García Montero no que manifesta "*en relación al registro previo de esta sociedad con CÓDIGO DE SOLICITUDE W1446428-7695 del 12/03/2026, se comunica que los contratos afectados por la fusión por absorción de la sociedad SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L.U. (N.I.F. B-80004732) (la Sociedad Absorbida y adjudicataria de los contratos) por la nueva sociedad: BL ESPAÑA SOFTWARE, S.L.U., (conservando el mismo N.I.F., B-41632332 que AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS, S.L.U.), son: CONTRATO DE SERVIZOS DE XESTIÓN DA SEGURIDADE SOCIAL NO CONCELLO DE VIGO Expediente - 48079 /220 CONTRATO DA EVOLUCIÓN TECNOLÓXICA E MANTEMENTO DA APLICACIÓN DE XESTIÓN DE RR.HH. E NÓMINAS Expediente – 10551-113*".



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 14:50 | Páxina 3 de 98 |
|---|---|---|
| 2071-1102 Aprobado por XGL 24/04/2026 | CSV: A9B1A2-DDD1D6-534DD2-W9UJ6H-USVGPW-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**Quinto.-** Previo requirimento formulado polo Servizo de Contratación de data 8 de abril de 2026, ao día seguinte, BL ESPAÑA SOFTWARE SLU presenta escrito (documento nº 260082589) acompañando a declaración responsable debidamente asinada polo seu representante.

**Sexto.-** Constan no expediente os certificados e xustificantes de *BL ESPA*ÑA SOFTWARE, SLU de non existencia de débedas tributarias coa ATRIGA e a facenda municipal.

**FUNDAMENTOS JURÍDICOS**

**I**
**Da fusión**

Segundo o artigo 98 "*Supostos de sucesión do contratista*" da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público *"Nos casos de fusión de empresas nos que participe a sociedade contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou coa resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigas del dimanantes"*.
Para os efectos anteriores a empresa deberá comunicar ao órgano de contratación a circunstancia que se tivese producido.

En cumprimento do anterior consta no expediente:

- Escrito de data 12 de marzo de 2026 presentado pola empresa absorbente comunicando a fusión
- Declaración de non estar incursa en prohibición de contratar
- Certificados de non existencia de débedas tributarias coa AEAT, ATRIGA e a facenda municipal, e coa Seguridade Social

De conformidade co artigo 98.1 da LCSP "*Cando como consecuencia das operacións mercantís ás que se refire o parágrafo primeiro se lle atribuíra o contrato a unha entidade distinta, a garantía definitiva poderá ser, a criterio da entidade outorgante da mesma, renovada ou reemprazada por unha nova garantía que se subscriba pola nova entidade téndose en conta as especiais características do risco que constitúa esta última entidade. Neste caso, a antiga garantía definitiva conservará a súa vixencia ata que estea constituída a nova garantía"*.

**III**
**Da competencia**

A competencia para a adopción deste acordo correspóndelle á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP)

En base ás anteriores consideracións, proponse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

*"1. Tomar razón do cambio de denominación social de* AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS, SLU por BL ESPAÑA SOFTWARE, SLU.

*2. Tomar razón da sucesión do contratista pola fusión formalizada por BL ESPAÑA SOFTWARE, SLU (sociedade absorbente) de SOLUCIONES AVANZADAS e INFORMÁTICA APLICADA, SLU E ABS INFORMÁTICA, SLU (sociedades absorbidas) nos seguintes contratos:*

- *Evolución tecnolóxica e mantemento da aplicación de xestión de RR.HH. e nóminas (10.551-113) adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local do 16 de maio de 2025*
- *Xestión da Seguridade Social no Concello de Vigo en cumprimento de obrigas legais (39.142-220) adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local do 12 de xuño de 2025*

*3. As garantías definitivas constituídas por SOLUCIONES AVANZADAS e INFORMÁTICA APLICADA, SLU serán devoltas en canto se constitúan as garantías de BL ESPAÑA SOFTWARE, SLU.*

*4. Notificar este acordo aos interesados e comunicar aos responsables dos contratos".*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(287).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE MS2 POLA ORGANIZACIÓN DO EVENTO "TORNEO INTERNACIONAL DE FÚTBOL BASE MD2 CUP 2026". EXPTE. 25447/333.**
Visto o informe xurídico do 10/03/2026 e o informe de fiscalización do 08/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 09/03/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**1.- ANTECEDENTES**

1.1.- Con data 27.02.26, Ricardo Freire Tallón, en n/r da entidade MS2, solicitou ó Concello de Vigo unha subvención por importe de 140.000,00€ para a organización na cidade de Vigo do evento deportivo Torneo Internacional de Fútbol Base MS2 Cup 2026.

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 177.000,00€.

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 14:50 | Páxina 5 de 98 |
|---|---|---|
| 2071-1102 Aprobado por XGL 24/04/2026 | CSV: A9B1A2-DDD1D6-534DD2-W9UJ6H-USVGPW-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- Proxecto deportivo.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (Orzamento equilibrado de ingresos-gastos) e I.3 (declaración responsable).
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Certificado de inscrición no Rexistro de Entidades deportivas de Galicia
- Certificado titularidade conta bancaria.
- CIF da entidade, DNI do representante legal e estatutos da entidade.
- Certificado de composición da Xunta directiva.
- Recoñecemento de suficiencia de poder de bastanteo
- Documento acreditativo de exclusividade do Torneo.

**2.- FUNDAMENTOS**

Primeiro.- Consideracións xerais

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acolledora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Neste caso a MS2 CUP é unha competición das máis relevantes a nivel internacional no ámbito do fútbol de base.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo".

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio.

Segundo.- **O** carácter excepcional da subvención.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade e envergadura do proxecto.

Non é posible atopar eventos comparables dada a súa singularidade e o seu carácter internacional de alto nivel, coa participación de clubs de alto nivel de ámbito internacional, que podan igualar o seu nivel deportivo e o seu impacto social e deportivo nesta modalidade.

Dita relevancia deportiva e social queda avalada en primeiro lugar polo volume de participantes. Non existe na cidade de Vigo ningunha oferta na modalidade similar, tendo en edicións anteriores a participación por encima das 4.500 persoas entre deportistas e corpos técnicos. Esta cifra é moi relevante, e converte ó evento nun espectáculo deportivo de gran espectacularidade.

O evento acolle delegacións de máis de 22 países, entre os que se atopan nacionalidades de Europa, Oriente Medio e Australia, que inclúe clubs campións de competicións europeas como a Champions League, o que da unha idea do nivel de excelencia deportiva do evento.

A especialización e a excelencia alcanzadas polo evento o colocan nunha categoría única e destacada na modalidade, outorgándolle un nivel óptimo de acollida na cidade.

E por último, este festival se singulariza do resto e adquire unha relevancia excepcional polo seu nivel deportivo, incomparable na cidade de Vigo.

Terceiro.- **O** interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel internacional, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o alto nivel deportivo da competición, que atraerá á cidade algúns dos mellores clubs do ámbito internacional.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

A singularidade e relevancia do evento atrae a participación de máis de 4.500 deportistas de todo o mundo, o que permite colocar a Vigo como polo de atención durante a súa celebración.

Por outra banda, esta subvención tamén queda xustificada no interese económico e social municipal que presenta o evento para esta cidade.

A MS2 Cup ten non só un impacto deportivo e cultural da máxima relevancia. Ademais, atrae un número relevante de visitantes, xerando un importante fluxo de ingresos para a hostalaría, o comercio local, outros sectores relacionados e, en definitiva, para a cidade, constituíndose nun motor económico de impulso para o turismo, o comercio local, a creación de emprego e a promoción da imaxe da cidade.

A traxectoria e relevancia do evento o sitúa como un referente da modalidade a nivel internacional.

Estes datos identifican claramente a importancia do evento que se vai desenvolver na cidade, cunha repercusión relevante, coa presenza de deportistas internacionais e a asistencia de público destacada.

Este evento ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecendo a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes competicións, impulsará ó comercio local, promovendo obxectivos en liña cos obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como "Cidade acolledora de grandes eventos deportivos" de nivel internacional.
- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
  - Promoción da marca Vigo como cidade do deporte internacional.
  - Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
  - O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
  - Dinamización de propostas de interese para a cidadanía.
  - Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigueses mais mozos.
  - Celebración de grandes competicións deportivas que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigueses e as deportistas viguesas.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que a celebración deste evento deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención. Ademais, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a subvención canalizarase a través dun convenio cuxo texto se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

**PROPOSTA**

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 140.000,00 € á entidade de MS2 (CIF G.01919901) para a organización do evento deportivo "MS2 CUP 2026" de acordo coas condicións e compromisos que se detallan no texto do convenio anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 140.000,00 € para subvencionar a edición do ano 2026 da MS2 CUP a favor da entidade MS2 (CIF G.01919901), segundo resulta da documentación do expediente nº 25477-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4800016 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ANEXO**

CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE MS2 POLA ORGANIZACIÓN DO EVENTO "TORNEO INTERNACIONAL DE FÚTBOL BASE MS2 CUP 2026" (Expte. 25447-333).

Na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

**REUNIDOS**

Dunha parte, F. Javier Pardo Espiñeira, na súa calidade de segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. F. Javier Pardo Espiñeira (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024)

Doutra, Ricardo Freire Tallón, na súa calidade de Presidente da entidade MS2 CIF G.011919901 e enderezo social na Avda. Atlántida, 32, en Vigo, na representación da mesma, tal e como consta na documentación do Expte. 25477-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

**I.-** O obxecto deste convenio é regular o outorgamento da subvención polo desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto deportivo "**MS2 CUP**", á entidade MS2.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 14:50 | Páxina 9 de 98 |
|---|---|---|
| 2071-1102 Aprobado por XGL 24/04/2026 | CSV: A9B1A2-DDD1D6-534DD2-W9UJ6H-USVGPW-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**II.-** Que a entidade MS2, asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, ten como obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario.

**III.-** Que esta entidade vén organizando a MS2 CUP dende fai 6 tempadas, na cidade de Vigo, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación nacionais e internacionais, estando en condicións de organizar a presente edición conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, presentados pola entidade organizadora.

**IV.-** O Concello de Vigo está a potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións da cultura e deporte de alto nivel internacional. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

**V.-**O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade e envergadura do proxecto.

**VI.-** Que na actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel internacional, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o alto nivel deportivo da competición, que atraerá á cidade algúns dos mellores clubs do ámbito internacional.

**VII.-** Que, conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

**VIII.-** Que este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

**IX.-** Que o carácter deportivo e cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**X.-** Que a entidade MS2 non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 25477-333.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a celebración na cidade de Vigo do evento deportivo MS2 CUP, o CONCELLO e a entidade MS2 conveñen a concesión da referida subvención en base aos seguintes

## PACTOS

**Primeiro.-** A entidade MS2 comprométese a organizar a "MS2 CUP 2026", conforme ao programa recollido no Anexo deste Convenio, que comprende:

1º.- Organizar o evento MS2 CUP 2026 achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no Anexo deste expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

6º.- Dar axeitada publicidade ao financiamento das actividades obxecto desta subvención, mediante a incorporación dos logotipos do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os seus soportes publicitarios na proporción axustada ó nivel de financiamento, adoitando as medidas necesarias para difundir axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo concello de Vigo, incorporando a imaxe institucional do Concello de Vigo no material gráfico, na web, nas presentacións públicas, actividades e demais recursos de difusión utilizados.

7º.- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados dos permisos e da realización das actividades, incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola utilización de música ambiente no desenvolvemento das actividades deportivas.

8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio das actividades.

9º.- Elaborar e cumprir o Plan de Autoprotección e Medidas de Emerxencia necesarias deseñado para o evento asinado por técnico competente, de ser necesario.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo xunto coa xustificación da subvención.

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

11º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º- Dar a difusión que considere importante á celebración do evento.

2º.- Conceder a MS2, unha subvención para a organización da MS2 CUP por importe de 140.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao financiamento do evento.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Tendo en conta a vixencia do convenio, a entidade deberá presentar a documentación para a xustificación no prazo comprendido entre a realización do evento deportivo e como máximo ata o 15 de Novembro de 2026. O pagamento do importe da subvención realizarase, por transferencia bancaria, á conta corrente facilitada pola entidade MS2, da que é titular.

Ata o 50% do importe de cada anualidade da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono da subvención, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositará unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.
En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentencia de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.
O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

**Quinto.**- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.**- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

**Sétimo.**- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Oitavo.- A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2026 para xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria MS2 está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org

A tenor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor,

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.

- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demáis documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentaráse en orixinal. As facturás cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

  En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

**Noveno.-** No caso de que a ENTIDADE se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como estabelece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo “MS2 CUP 2026”.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

**Décimo primeiro.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención para cada unha das anualidades e a axeitada xustificación de cada unha delas, será comprobada pola área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo segundo.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo terceiro.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Deportes do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Décimo quinto.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Deportes nas propias actividades programadas.

**Décimo sexto.**- O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.

**Décimo sétimo.-** A área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**Décimo oitavo.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo noveno -** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o se-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 14:50 | Páxina 15 de 98 |
|---|---|---|
| 2071-1102 Aprobado por XGL 24/04/2026 | CSV: A9B1A2-DDD1D6-534DD2-W9UJ6H-USVGPW-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

guimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

**Vixésimo**.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre.

**Vixésimo primeiro.-** En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

**Vixésimo segundo.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura dixital

**4(288).- PROXECTO DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO RECARGO MUNICIPAL SOBRE O IMPOSTO GALEGO SOBRE AS ESTADÍAS TURÍSTICAS (54). EXPTE. 3303/500.**

Visto o informe de fiscalización de data 10/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/04/2026, asinado pola directora de ingresos e Xestión Catastral Delegada e conformado polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

## ANTECEDENTES

**I-** O 1 de xaneiro do 2025 entrou en vigor a Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31/12/2024), que creou o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, pero estableceu unha bonificación do 100% da cota tributaria (artigo 17), deixando en mans dos concellos galegos a decisión de establecer a contía a esixir ás persoas visitantes que realicen estancias turísticas, dentro dos topes que sinala o seu artigo 16, mediante un recargo sobre o imposto autonómico. Para o establecemento de tal recargo resulta necesaria a aprobación da correspondente ordenanza fiscal, como sinala o artigo 24 desta Lei.

**II.-** O Sr. Concelleiro da Área de Goberno Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de imposición e aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas (54) en data 12 de agosto de 2025.

**III.-** A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 22 de agosto do 2025, acordou: *"Abrir o preceptivo trámite de consulta pública previsto no artigo 24.2 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas para a elaboración e aprobación da "Ordenanza fiscal reguladora do recargo municipal sobre o imposto autonómico ás estancias turísticas (54)" e no artigo 133 da Lei 39/2015, a través do enderezo* **https://consulta.vigo.org** *durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren e, particularmente, as organizacións e asociacións representativas do sector turístico, poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran no Anexo I ao presente acordo".*

**IV.-** Durante o período de consulta pública (de 25/08/2025 ata 22/09/2025) presentouse escrito por parte da AUTORIDAD PORTUARIA DE VIGO, mediante o documento 250237748 en data 05/09/2025.

**V.-** Incorporáronse ao expediente os seguintes informes: informe de esixencia do recargo por estancias turísticas e avaliación do impacto e eficacia destes para as finalidades pretendidas de 27/02/2026, informe previo de legalidade do Tribunal Económico-Administrativo Municipal de 04/03/2026, informe de impacto sobre a familia, a infancia e a adolescencia de 17/03/2026, informe de impacto de xénero de 20/03/2026 e informe de fiscalización de conformidade de data 27/03/2026.

**VI.-** En data 08/04/2026 o Sr. Concelleiro da Area de Goberno de Orzamentos e Facenda emitiu instrución de servizo instando a introdución no proxecto de ordenanza elaborado dos seguintes aspectos:

*" - recargo do 0% para a terceira, cuarta e quinta pernocta ata o 30/06/2027 aos feitos impoñibles previstos no artigo 2.1.a), pasando a computarse un número máximo de cinco pernoctas para cada estadía a partir do 01/07/2027*
*- aplicación das disposicións recollidas na ordenanza relativas ao recargo sobre o imposto cando o feito impoñible sexa a estadía en embarcacións de cruceiro turístico fondeadas ou*



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 14:50 | Páxina 17 de 98 |
|---|---|---|
| 2071-1102 Aprobado por XGL 24/04/2026 | CSV: A9B1A2-DDD1D6-534DD2-W9UJ6H-USVGPW-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*amarradas no Porto de Vigo (artigo 2.1.b) cando realicen escala no mesmo a partir do 01/07/2027*
*- ampliación do prazo de autoliquidación e ingreso do recargo, en aras de facilitar o cumprimento das obrigas tributarias polos suxeitos pasivos substitutos das persoas contribuíntes*

*A introdución no proxecto de ordenanza dos anteriores aspectos insértase no exercicio dunha potestade discrecional, tendo en conta ademais o actual escenario xeopolítico mundial, que fai aconsellable e prudente establecer unha implantación progresiva do recargo sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas, na liña do establecido no Real Decreto Lei 7/2026, do 20 de marzo, polo que se aproba o Plan Integral de Resposta á crise en Oriente Medio, que adopta un paquete de medidas para mitigar o impacto enerxético e económico nesta situación de conflicto internacional".*

**VII.-** En data 09/04/2026 emitiuse informe complementario ao informe de 27/02/2026 de xustificación da esixencia do recargo aos efectos de avaliar o impacto económico dos aspectos a incorporar ao texto normativo.

**MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN**

- Constitución española
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria
- Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e financeira
- Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas
- Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno

**CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS**

**Primeira.-** O Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL), constitúe o marco regulador da exacción de tributos por parte das facendas locais. O artigo 2.1 do mesmo texto legal permite esixir recargos sobre os impostos das comunidades autónomas. Tamén o artigo 38.1 do TRLFL contempla que as entidades locais poidan establecer recargos sobre os impostos propios da respectiva comunidade autónoma.
En Galicia, a Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31/12/2024, en adiante, Lei 5/2024) creou o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, imposto que ten finalidade extrafiscal e

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

grava a especial capacidade económica das persoas físicas posta de manifesto pola súa estancia en calquera aloxamento turístico (establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, vivendas turísticas, vivendas de uso turístico, campamentos, establecementos de turismo rural e albergues turísticos) e polo fondeo ou amarre de embarcacións de cruceiro turístico cando realicen escala nun porto ubicado na Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 12 da citada Lei).

Aínda que esta Lei creou este imposto, estableceu unha bonificación do 100% da cota tributaria (artigo 17), deixando en mans dos concellos galegos a decisión de establecer a contía a esixir ás persoas visitantes que realicen estancias turísticas, dentro dos topes que sinala o seu artigo 16.

Esta Lei 5/2024 establece no seu artigo 24 a previsión normativa que habilita aos concellos de Galicia, en execución da súa autonomía municipal, ao establecemento dun recargo municipal sobre as tarifas establecidas na mesma. Para o establecemento de tal recargo resulta necesaria a aprobación da correspondente ordenanza fiscal.

A crecente actividade turística na cidade exerce presión no custo da prestación dos servizos públicos municipais (vixilancia, seguridade, limpeza viaria, xestión de residuos...), o que implica mesmo a necesidade de reforzalos e de realizar investimentos adicionais. Faise necesario pois equilibrar e compatibilizar este auxe turístico e a actividade turística do municipio, orientada a un modelo de turismo responsable e sostible, coa garantía da sostenibilidade dos servizos públicos municipais.

Ante esta situación procede, por tanto, a obtención de fontes de financiamento que permitan o achegamento á facenda do Concello de Vigo de fondos adicionais aos que aporta a cidadanía viguesa residente e o seu investimento nun modelo de turismo sostible, responsable e de calidade.

O cumprimento do principio de xustiza tributaria que consagra o artigo 31 da Constitución (*"Todos contribuirán ao sostemento dos servizos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto"*) aconsella o reparto das cargas públicas de xeito equitativo e que contribúan ao seu sostemento as persoas visitantes que desfrutan temporalmente dos servizos públicos municipais. Á vez, como sinala esta Lei 5/2024, estes fondos destinaranse como mínimo nun 80% a inversións e gastos vinculados á promoción, impulso, protección, fomento e desenvolvemento dun modelo de turismo sostible.

**Segunda.-** O artigo 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, atribúen a potestade regulamentaria aos municipios. Por outra banda, o artigo 128 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante, LPACAP) recoñece a potestade regulamentaria aos órganos de goberno locais.

A fundamentación da potestade regulamentaria e tributaria no presente caso deriva da Lei 5/2024, cuxa sección 3ª do Capítulo II do Título I, denominada *"Recarga municipal sobre o imposto galego sobre as estancias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia"* habilita aos concellos para o establecemento do recargo, a través da aprobación dunha ordenanza fiscal.

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

**Terceira.-** A regulación do recargo require a tramitación dun procedemento de elaboración e aprobación dunha ordenanza fiscal, resultando de aplicación o disposto nos artigos 15 e seguintes do TRLRFL, sen prexuízo de ter en conta a regulación específica contida na propia Lei 5/2024, do 27 de decembro de 2024, de medidas fiscais e administrativas, que esixe expresamente o trámite de consulta previa.

Realizado o trámite de consulta pública esixido polo artigo 24.2 da Lei 5/2024, do 27 de decembro de 2024, de medidas fiscais e administrativas e no artigo 133 da Lei 39/2015, a través do enderezo https://consulta.vigo.org durante un prazo de 20 días hábiles, presentouse escrito por parte da AUTORIDAD PORTUARIA DE VIGO, mediante o documento 250237748 en data 05/09/2025.

O seu escrito céntrase única e exclusivamente no recargo municipal que afecta ao fondeo ou amarre de embarcacións de cruceiro turístico e pon de manifesto as seguintes cuestións:

- considera que accións como a proposta poderían prexudicar a consolidación do Porto de Vigo. Respecto desta cuestión, o establecemento do recargo supón que o Concello de Vigo, no exercicio da súa autonomía municipal- que engloba á potestade regulamentaria- fai uso da previsión do artigo 24 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31/12/2024), dentro dos topes que regula o seu artigo 16.

O cumprimento do principio de xustiza tributaria que consagra o artigo 31 da Constitución (*"Todos contribuirán ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto"*) aconsella o reparto das cargas públicas de xeito equitativo e que contribúan ao seu sostemento as persoas visitantes que desfrutan temporalmente dos servizos públicos municipais. Á vez, estes fondos destinaranse como mínimo nun 80% a inversións e gastos vinculados á promoción, impulso, protección, fomento e desenvolvemento dun modelo de turismo sostible, como prevé a Lei 5/2024.

Constan no expediente informes dos servizos municipais que se pronuncian en sentido contrario ao alegado:

- informe do Servizo de Turismo do 11/08/2025 que recolle que "*De acordo co Libro Branco sobre o impacto das taxas turísticas sobre as cidades europeas e as comunidades urbanas, elaborado por Group NAO e Destination Sustainability Movement, e considerando o documento de referencia sobre este tipo de medidas, as investigacións científicas suxiren que a aplicación de tributos sobre as pernoctacións ten impacto limitado sobre a competitividade do sector e sobre a demanda turística. Polo tanto, non se estima que a esixencia do recargo proposto poda ter un efecto negativo sobre o sector turístico da cidade".*
- informe de Economista de data 27/02/2026, no que se indica que: *"O establecemento do recargo non representa unha carga administrativa adicional relevante, por canto na actualidade os principais portos adicados aos cruceiros turísticos na entorna de Vigo (A Coruña, Matosinhos-Leixoes, Lisboa), así como algúns dos principais destinos de Europa (Barcelona, Palma de Mallorca, portos gregos) aplican tributos análogos sobre os/as cruceiristas. Polo tanto, o emprego de sistemas de xestión que permiten o control e liquidación de tributos análogos ao recargo proposto para os/as cruceiristas de Vigo é na actualidade común no sector dos cruceiros turísticos".*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

- considera que dado que o suxeito pasivo do recargo serán as navieiras, estas o incluirían como custo de escala, restando competitividade.

A fixación dos/as obrigados/as tributarios/as é materia obxecto de reserva de lei (artigo 8.c) da Lei xeral tributaria, sen que poida esta administración municipal alterar os/as obrigados/as tributarios/as determinados polo lexislador autonómico no artigo 14 da Lei 5/2024. Neste senso, cabe reiterar o contido dos informes municipais citados anteriormente.

- manifesta que lle suscita dúbidas xurídicas a aplicación dun recargo municipal pola realización dun feito impoñible fora do territorio de Vigo, pois considera que o espazo da auga non está incluído dentro dos límites territoriais do municipio. Sobre esta cuestión, cómpre indicar a administración municipal conta con cobertura legal para a esixencia do recargo polas estancias en embarcacións de cruceiro turístico fondeadas ou amarradas no porto de Vigo, pois así se regula no artigo 12.1.b) da Lei 5/2024, precepto vixente, non derrogado nin modificado e de plena aplicación.

Os impostos gravan manifestacións de capacidade económica, sendo dita capacidade o presuposto da imposición. De conformidade co disposto no artigo 20.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o feito impoñible é o presuposto fixado pola lei para configurar cada tributo e cuxa realización orixina o nacemento da obriga tributaria principal. No presente caso, estamos ante un recargo sobre un imposto establecido por norma con rango legal, que grava a especial capacidade económica das persoas físicas posta de manifesto pola súa estancia en calquera establecemento turístico situado no territorio da Comunidade Autónoma. Isto é, o que grava o lexislador é unha estancia, xa sexa en establecementos ou en embarcacións de cruceiro turístico.

En base ao anterior, tense por respostada a anterior opinión na fase de consulta pública previa e, en relación coa aplicación efectiva da esixencia do recargo para estadías en embarcacións turísticas, como indica a instrución de servizo do 08/04/2026, o actual escenario xeopolítico mundial, fai aconsellable e prudente establecer unha implantación progresiva do recargo sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas, demorando a súa esixencia no caso de estadías en embarcacións de cruceiro turístico fondeadas ou amarradas no porto de Vigo cando realicen escala no mesmo a partir do 01/07/2027.

**Cuarta.-** O texto que se propón para aprobación consta dun articulado integrado por catorce preceptos, tres Disposicións Transitorias, dúas Disposicións Finais e un Anexo.

O texto normativo proposto establece no seu artigo 3 os supostos de non suxeición e de exención e o artigo 4 contempla supostos de recargo cero euros para estadías que se realicen por parte de residentes en Vigo como consecuencia de realoxos, da realización de obras na vivenda habitual en Vigo e supostos asimilables, así como as que realicen as persoas cuxo aloxamento se sufrague por unha entidade de dereito público ou con aplicación da regulación das indemnizacións por razón de servizo que se regula no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, ou norma análoga que resulte aplicable.

A normativa proposta regula no seu artigo 7 o importe do recargo, que supón unha redución nun 27,25% dos importes previstos no artigo 16 da Lei 5/2024, cun límite de cinco estancias, sen prexuízo do disposto na Disposición Transitoria Primeira, que fixa recargo do 0% para a terceira, cuarta e quinta pernocta ata o 30/06/2027 aos feitos impoñibles previstos no artigo



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 14:50 | Páxina 21 de 98 |
|---|---|---|
| 2071-1102 Aprobado por XGL 24/04/2026 | CSV: A9B1A2-DDD1D6-534DD2-W9UJ6H-USVGPW-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

2.1.a), pasando a computarse un número máximo de cinco pernoctas para cada estadía a partir do 01/07/2027 (incluído). De acordo co artigo 13 do texto proposto, os ingresos do recargo estarán afectados nun 80 %, unha vez deducidos os custos da súa aplicación, a investimentos e a gastos vinculados á promoción, ao impulso, á protección, ao fomento e ao desenvolvemento do turismo sustentable.

O texto normativo proposto establece o réxime de autoliquidación, fixando dous semestres e a obriga dos suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte da súa presentación telemática nos seguintes prazos: a autoliquidación e ingreso do primeiro semestre realizarase ata o 31 de xullo do mesmo ano e a autoliquidación e ingreso do segundo semestre realizarase ata o 31 de xaneiro do ano seguinte. Prevese tamén a constitución dunha comisión municipal de asesoramento e seguimento da implantación do recargo no prazo de dez meses computados a partir do inicio de aplicación da ordenanza. O inicio de aplicación sitúase no 1 de outubro de 2026.

A normativa proposta incorpora tres Disposicións Transitorias:

- a Primeira contempla un recargo do 0% para a terceira, cuarta e quinta pernocta ata o 30 de xuño de 2027 aos feitos impoñibles previstos no artigo 2.1.a), pasando a computarse un número máximo de cinco pernoctas para cada estadía a partir do 1 de xullo de 2027 (incluído).
- a Segunda demora ao 01/07/2027 a aplicación das disposicións recollidas nesta ordenanza relativas ao recargo sobre o imposto cando o feito impoñible sexa a estadía en embarcacións de cruceiro turístico fondeadas ou amarradas no porto de Vigo cando realicen escala no mesmo (artigo 2.1.b).
- a Terceira regula o prazo de autoliquidación e ingreso correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro de 2026 para os suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte nos supostos do artigo 2.1.a), que abarcará ata o 31 de xaneiro de 2027.

Para a fixación do feito impoñible previsto no artigo 12.1.b) da Lei 5/2024, cómpre realizar unha integración entre este precepto e o disposto no artigo 16 desta Lei que se refire a "Estadías en embarcacións de cruceiro turístico", quedando redactado o artigo 2.1.b) da futura ordenanza así: *"Constitúe o feito impoñible deste recargo: b) A estadía en embarcacións de cruceiro turístico fondeadas ou amarradas no porto de Vigo, cando realicen escala no mesmo".* Deste xeito, dáse cumprimento ao establecido na Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar de 10 de decembro de 1982.

**Quinta.-** No tocante á repercusión orzamentaria, de conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar que tendo en conta que o texto normativo proposto resultará de aplicación a partir do 1 de outubro de 2026, a repercusión orzamentaria será de 346.651,79 €.

Neste senso, o informe de Economista de data 09/04/2026 que consta no expediente indica: *"Os ingresos estimados da aplicación do recargo en 2026 alcanzan 346.651,79€, resultado de deducir aos 463.469,50€ estimados no Informe de Xustificación de 27/02/2026, o impacto sobre os ingresos das medidas temporais (62.947,50€ pola non aplicación do recargo ás estadías en cruceiros e 53.870,21€ polo recargo cero a terceiras, cuartas e quintas pernoctas)".*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

**Sexta.-** O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

**Sétima.-** De conformidade co disposto no artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación dos proxectos de ordenanzas e regulamentos, polo que formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO**

**Primeiro.-** Acordar a imposición do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas, en aplicación do disposto no artigo 24 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

**Segundo.-** Aprobar o seguinte Proxecto de Ordenanza Fiscal reguladora do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas (54):

***ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO***

*1. Esta entidade local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, no artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; de conformidade co disposto no artigo 38 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e ao abeiro da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, establece a imposición do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, cuxas normas atenden ao disposto na Sección 3ª do Capítulo II da citada lei autonómica.*

*2. Este recargo réxese, en todo o que non contemple a presente ordenanza, pola devandita lei ou normativa posterior que a substitúa e pola Ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección do Concello de Vigo.*

***ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE***

*1. Constitúe o feito impoñible deste recargo:*

*a) A estadía turística realizada polas persoas contribuíntes nos establecementos de aloxamento turístico determinados na normativa reguladora en materia de turismo, situados na cidade de Vigo, e que se relacionan a seguir:*

*1º. Establecementos hoteleiros.*

*2º. Apartamentos turísticos.*

*3º. Vivendas turísticas.*

*4º. Vivendas de uso turístico.*

*5º. Campamentos de turismo.*

*6º. Establecementos de turismo rural.*

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

*7º. Albergues turísticos.*

*b) A estadía en embarcacións de cruceiro turístico fondeadas ou amarradas no porto de Vigo, cando realicen escala no mesmo.*

*2. Entenderase por estadía o desfrute do servizo de aloxamento, por día ou fracción, con pernoita ou sen ela. Considérase que as estadías nos establecementos de aloxamento turístico a que se refire o número 1 constitúen, en todo caso, estadías turísticas, sen prexuízo dos supostos de non suxeición previstos no artigo 3.*

*3. Entenderase por embarcación de cruceiro turístico a embarcación que realiza transporte por mar ou por vías navegables coa única finalidade de lecer ou de recreo, nos termos definidos no apartado 3º do artigo 12 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia.*

***ARTIGO 3. SUPOSTOS DE NON SUXEICIÓN E DE EXENCIÓN***

*1. Non estarán suxeitas ao imposto as estadías seguintes:*

*a) As que realice calquera persoa por motivos de saúde, así como as das persoas que a acompañen, sempre que quede xustificada a recepción das prestacións de atención sanitaria que formen parte da carteira de servizos do sistema sanitario público de Galicia.*

*b) As que realice unha persoa deportista federada pola concorrencia a competicións oficiais, debidamente xustificada.*

*c) As que realice calquera persoa por causas de forza maior debidamente xustificadas.*

*Terán a consideración de forza maior as estadías derivadas de aloxamentos xestionados a través dos Servizos Sociais Municipais.*

*2. Non se realizará o feito impoñible do imposto cando as embarcacións de cruceiro turístico tiveren como saída ou destino final un porto situado na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*3. Estarán exentas as seguintes estadías:*

*a) As realizadas por persoas menores de idade non emancipadas.*

*b) As realizadas por persoas con discapacidade que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.*

*c) As estadías subvencionadas por programas sociais dunha administración pública de calquera Estado membro da Unión Europea.*

*d) As estadías realizadas nos albergues públicos xestionados pola Xunta de Galicia a través da S.A. do Plan Xacobeo.*

*e) As estadías realizadas nos albergues xuvenís.*

*4. Para a súa aplicación, os supostos de non-suxeición, de exención e de recargo cota cero deberán ser acreditados documentalmente por calquera medio admitido en dereito.*

*5. O suxeito pasivo substituto da persoa contribuínte deberá conservar durante o prazo de prescrición os medios acreditativos que lle foren achegados para a aplicación da non-suxeición ou da exención correspondente.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

***ARTIGO 4. RECARGO CERO***

*Establécese un recargo do 0% (cero euros) para as estadías que se indican a continuación:*

*a) As que se realicen por parte de residentes en Vigo como consecuencia de realoxos, da realización de obras na vivenda habitual en Vigo e supostos asimilables.*

*b) As que realicen as persoas cuxo aloxamento se sufrague por unha entidade de dereito público ou con aplicación da regulación das indemnizacións por razón de servizo que se regula no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, ou norma análoga que resulte aplicable.*

***ARTIGO 5. NORMAS DE APLICACIÓN AOS SUPOSTOS DE NON SUXEICIÓN, EXENCIÓN E RECARGO CERO***

*1. Para a aplicación dos supostos de non suxeición, exención e recargo cero establecidos nos artigos 3.1.a), 3.1.b), 3.1.c), 3.3.b), 4.a) e 4.b) anteriores, a persoa que realiza a estancia deberá cumprimentar e asinar o modelo de declaración responsable que consta como anexo desta ordenanza, na que se indicarán os datos da persoa que realiza a estancia, o suposto de non suxeición, exención ou recargo cero aplicable e os seguintes datos:*

*- Para o suposto de non suxeición previsto no apartado 1.a) do artigo 3, relativa ás estancias efectuadas por motivos de saúde:*

*a) A declaración responsable debe especificar os datos identificativos da persoa receptora da prestación e, no seu caso, das persoas que a acompañan.*

*b) Certificado do centro sanitario ou informe médico no que conste que a asistencia sanitaria recibida pola persoa contribuínte/acompañada forma parte da carteira de servizos do SERGAS.*

*- Para o suposto de non suxeición previsto no apartado 1.b) do artigo 3, relativo ás estancias efectuadas por unha persoa deportista federada pola concorrencia a competicións oficiais, na declaración responsable indicará cales son os datos da competición á que se asiste.*

*- Para o suposto de non suxeición previsto no apartado 1.c) do artigo 3, relativa ás estancias que realice calquera persoa por causas de forza maior debidamente xustificadas:*

*a) A declaración responsable indicará o acontecemento producido.*

*b) Documento no que conste o acontecemento correspondente ou a activación dalgunha medida pública que se relacione, expedido pola Administración local, a menos que as circunstancias determinantes da concorrencia de forza maior resulten dunha declaración legal ou dunha situación de notoriedade coñecida pola propia administración.*

*- Para o suposto de exención previsto no apartado 3.b) do artigo 3, relativa ás estancias realizadas por persoas con discapacidade que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%, queda condicionada á exhibición do certificado ou documento que acredite a discapacidade indicada.*

*- Para o suposto de aplicación do recargo cero previsto no apartado a) do artigo 4, a persoa contribuínte indicará na declaración responsable a dirección da súa vivenda habitual situada no termo municipal de Vigo.*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 14:50 | Páxina 25 de 98 |
|---|---|---|
| 2071-1102 Aprobado por XGL 24/04/2026 | CSV: A9B1A2-DDD1D6-534DD2-W9UJ6H-USVGPW-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*- Para o suposto de aplicación do recargo cero previsto no apartado b) do artigo 4, a persoa contribuínte indicará na declaración responsable a entidade de dereito público que sufrague a estadía.*

*2. O suposto de exención previsto no apartado 3.c) do artigo 3, relativo ás estancias subvencionadas por programas sociais dunha administración pública de calquera Estado membro da Unión Europea, aplicarase nos casos de que a reserva sexa efectuada ou a factura expedida a nome da entidade promotora do programa social, sempre que quede claramente identificado o programa a cargo do cal se financia a estancia.*

*3. A persoa substituta da contribuínte ten a obriga de conservar durante catro anos unha copia dos documentos ou, no seu caso, das declaracións responsables, utilizados en cada caso para xustificar os supostos de non suxeición, exención ou aplicación do recargo cero anteriores. O modelo de declaración responsable consta como anexo desta ordenanza e será publicado na súa versión actualizada na sede electrónica do Concello, a disposición das persoas obrigadas tributarias.*

***ARTIGO 6. PERSOAS OBRIGADAS TRIBUTARIAS***

*1. Será suxeito pasivo contribuínte do recargo do imposto toda persoa física que realice unha estancia nos establecementos de aloxamento turístico determinados no artigo 2 ou ben aquela persoa ou entidade a cuxo nome se entregue a factura ou documento análogo pola estancia de persoas físicas neses establecementos.*

*No suposto de embarcacións de cruceiro turístico, considerarase suxeito pasivo contribuínte a persoa cruceirista que estea en tránsito no momento da deivindicación do recargo.*

*2. Terán a condición de suxeito pasivo substituto da persoa contribuínte e estarán obrigados/as ao cumprimento das obrigas materiais e formais do imposto:*

*a) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que realice a explotación do establecemento de aloxamento turístico.*

*b) A persoa consignataria que, de acordo coa lei estatal vixente de navegación marítima, actúe en nome e representación da armadora ou navieira da embarcación de cruceiro turístico que estea en tránsito no momento da devindicación do recargo.*

*3. Terá o carácter de responsable solidario ou solidaria do ingreso das débedas tributarias correspondentes ás cotas devindicadas das persoas contribuíntes:*

*a) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que sexa titular do establecemento turístico, que non sexa o suxeito pasivo.*

*b) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que contrate directamente en nome da persoa contribuínte e faga de intermediaria entre esta e os establecementos de aloxamento turístico.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

***ARTIGO 7. IMPORTE DO RECARGO***

*1. O importe do recargo sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas consistirá nunha porcentaxe do 72,75% sobre a cota íntegra do imposto conforme ás tarifas establecidas no artigo 16 da Lei 5/2024, de acordo coas regras establecidas nos puntos 2 e 3 do presente artigo 7.*

*2. O importe do recargo determínase polo número de días de que conste cada período de estadía da persoa contribuínte nos establecementos de aloxamento turístico.*

*No caso de estadías en embarcacións de cruceiro turístico, entenderase por estadía cada un dos períodos de vinte e catro horas ou fracción computados desde o fondeo ou amarre da embarcación. As estadías inferiores a 24 horas considéranse estadías dun día.*

*O número máximo de días que se computará en cada período de estadía é de cinco días, sen prexuízo do disposto na Disposición Transitoria Primeira.*

*3. O importe do recargo, tendo en conta o establecido no punto 1 do presente artigo, e sen prexuízo dos supostos de recargo cero establecidos no artigo 4, son os seguintes:*

| ***TIPO DE ALOXAMENTO TURÍSTICO*** | | | ***COTA (€ por día ou fracción)*** |
|---|---|---|---|
| *Establecementos hoteleiros* | *Hoteis* | *5 estrelas superior* | *1,82 €* |
| | | *5 estrelas* | *1,82 €* |
| | | *4 estrelas superior* | *1,82 €* |
| | | *4 estrelas* | *1,46 €* |
| | | *3 estrelas superior* | *1,46 €* |
| | | *3 estrelas* | *1,46 €* |
| | | *2 estrelas superior* | *1,46 €* |
| | | *2 estrelas* | *1,09 €* |
| | | *1 estrela superior* | *1,09 €* |
| | | *1 estrela* | *1,09 €* |
| | *Pensións* | | *1,09 €* |
| *Albergues* | | | *0,73 €* |
| *Campamentos de turismo* | | | *0,73 €* |
| *Establecementos de turismo rural* | | | *0,73 €* |
| *Apartamentos turísticos* | | | *0,73 €* |
| *Vivendas turísticas* | | | *0,73 €* |
| *Vivendas de uso turístico* | | | *1,46 €* |
| *Estadías en embarcacións de cruceiro turístico* | | | *1,09 €* |

*4. A Administración tributaria poderá aplicar o método de estimación indirecta se a persoa substituta da persoa contribuínte non presenta a autoliquidación do recargo ou presenta autoliquidacións incompletas ou inexactas e non achega os datos de ocupación do establecemento ou equipamento turístico que explota. Neste caso, o número de unidades de estancia no establecemen-*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

*to ou equipamento turístico determínase, preferentemente, e sen prexuízo da utilización doutros medios establecidos pola lexislación vixente, polos seguintes medios:*

*a) A partir dos datos estatísticos de ocupación dos establecementos ou equipamentos do mesmo tipo situados no termo municipal de Vigo.*

*b) A partir dos datos declarados por unha mostra de establecementos ou equipamentos regrados do mesmo tipo situados na mesma zona da cidade. A estes efectos, enténdese por establecemento regrado o que está dado de alta no Rexistro de Turismo de Galicia.*

*c) A partir dos datos procedentes de estudos do sector elaborados por organismos públicos ou por organizacións privadas de acordo con técnicas estatísticas adecuadas.*

*d) A partir dos datos que constan no rexistro policial das persoas que se aloxan nos establecementos de hospedaxe situados no termo municipal de Vigo.*

***ARTIGO 8. DEIVINDICACIÓN***

*O recargo devindicarase ao comezo de cada estadía, computada por día ou fracción, nos establecementos de aloxamento turístico a que se refire o feito impoñible deste imposto. No suposto de cruceiros turísticos, o inicio da estadía acontecerá no momento en que a embarcación faga escala no porto de Vigo.*

***ARTIGO 9. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN E INGRESO DAS AUTOLIQUIDACIÓNS***

*1. Os suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte realizarán dúas autoliquidacións anuais, que comprenderán as cotas deivindicadas en cada un dos semestres naturais:*

*a) Semestre 1: Do 1 de xaneiro ao 30 de xuño.*

*b) Semestre 2: Do 1 de xullo ao 31 de decembro.*

*2. Os suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte presentarán autoliquidación de forma telemática na sede electrónica do Concello, empregando o modelo dispoñible na devandita sede electrónica. A autoliquidación e ingreso do primeiro semestre realizarase ata o 31 de xullo do mesmo ano e a autoliquidación e ingreso do segundo semestre realizarase ata o 31 de xaneiro do ano seguinte.*

*3. No caso de explotar máis dun establecemento, os suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte poderán efectuar a autoliquidación e o pago das cotas devindicadas do recargo da totalidade daqueles, dunha maneira agregada, mediante unha única autoliquidación.*

***ARTIGO 10. XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN***

*A xestión, inspección e recadación do recargo do imposto realizaranse de acordo co previsto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e nas demais disposicións reguladoras da materia, así como na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello.*

***ARTIGO 11. COMISIÓN MUNICIPAL DE ASESORAMENTO E SEGUIMENTO DA IMPLANTACIÓN DO RECARGO***

*1. No prazo de dez meses desde o inicio da aplicación da presente Ordenanza, en cumprimento do disposto no artigo 24.7 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, esta Administración municipal constituirá a Comisión municipal de asesoramento e seguimento da implantación do recargo sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas .*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

*A designación das persoas integrantes da mesma realizarase por acordo da Xunta de Goberno Local.*

*2. Esta Comisión estará formada por representantes do Concello de Vigo, representantes das empresas do sector e das asociacións veciñais.*

*3. Son funcións da Comisión municipal de asesoramento e seguimento da implantación do recargo sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas as seguintes:*

*a) O asesoramento e seguimento permanente de aplicación do recargo, para o cal terá en conta indicadores como a evolución do nivel de ocupación, o número de prazas turísticas, o rendemento por cada praza ou calquera outro indicador dos sectores turísticos do municipio.*

*b) A aprobación, con carácter anual, dun informe de avaliación do impacto do recargo en relación coas finalidades da mesma, que será publicado na páxina de transparencia do Concello.*

***ARTIGO 12. COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA***

*En cumprimento do deber de colaboración entre as administracións públicas que consagra o artigo 141 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o Concello poderá solicitar da Dirección Xeral da Policía a subministración periódica, por medios electrónicos e nos formatos e prazos que se determinen por convenio, os datos contidos no rexistro de persoas aloxadas nos establecementos de aloxamento turístico situados na cidade de Vigo que sexan estritamente necesarios para aplicar o recargo do imposto sobre as estadías turísticas.*

*Considéranse datos estritamente necesarios os seguintes:*

*a) A identificación do establecemento de aloxamento turístico situado no termo municipal de Vigo.*

*b) A identificación da persoa titular da explotación do establecemento de aloxamento turístico.*

*c) O número e tipo de documento de identidade da persoa que se aloxa no establecemento de aloxamento turístico e a súa data de nacemento.*

*d) A data de entrada no establecemento de aloxamento turístico de cada persoa que se aloxa e o número de días previstos da estadía.*

***ARTIGO 13. AFECTACIÓN DOS INGRESOS***

*1. De acordo co disposto no artigo 24 da Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, os ingresos do recargo estarán afectados nun 80 %, unha vez deducidos os custos da súa aplicación, a investimentos e a gastos vinculados á promoción, ao impulso, á protección, ao fomento e ao desenvolvemento do turismo sustentable, tendo como destino as actuacións previstas no parágrafo 4 do citado artigo 24.*

*2. O control da correcta aplicación dos ingresos do recargo ás finalidades sinaladas corresponde ás concellarías competentes en materia de Turismo e Facenda.*

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

*3. Logo do ditame do órgano de participación previsto no artigo 12, incluirase no orzamento de gastos o detalle da aplicación dos ingresos do recargo. Na liquidación verificarase a correcta e completa aplicación dos fondos ás finalidades sinaladas.*

***ARTIGO 14. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS***

*En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas cualificacións, así como á determinación das sancións que correspondan, estarase ao disposto na Ordenanza Fiscal Xeral, Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e restante normativa de aplicación.*

***DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA***

*Aplicarase un recargo do 0% para a terceira, cuarta e quinta pernocta ata o 30 de xuño de 2027 aos feitos impoñibles previstos no artigo 2.1.a), pasando a computarse un número máximo de cinco pernoctas para cada estadía a partir do 1 de xullo de 2027 (incluído).*

***DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA***

*As disposicións recollidas nesta ordenanza relativas ao recargo sobre o imposto cando o feito impoñible sexa a estadía en embarcacións de cruceiro turístico fondeadas ou amarradas no porto de Vigo cando realicen escala no mesmo (artigo 2.1.b) serán de aplicación a partir do 1 de xullo de 2027 (incluído).*

***DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA***

*Os suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte nos supostos do artigo 2.1.a) presentarán autoliquidación e ingreso correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro de 2026 ata o 31 de xaneiro de 2027.*

***DISPOSICIÓNS FINAIS***

*1ª. No non previsto nesta ordenanza serán de aplicación as disposicións contidas na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, na Lei 5/2024 de Galicia, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e na restante lexislación tributaria aplicable.*

*2ª. Esta ordenanza entrará en vigor ao dia seguinte da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse o día un (1) de outubro de 2026, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.*

***ANEXO.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE***

***DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA O RECARGO MUNICIPAL SOBRE O IMPOSTO GALEGO SOBRE AS ESTADÍAS TURÍSTICAS***

***DATOS DA PERSOA DECLARANTE:***

*Nome e apelidos ............................................................................... NIF/ Pasaporte ...........................*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

***DECLARACIÓN:***

*De conformidade coa Ordenanza Fiscal nº 54 reguladora do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas e baixo a miña responsabilidade,*

***DECLARO (marcar cun X a declaración realizada):***

☐ *Que a miña estadía ten como finalidade a recepción/acompañar á persoa receptora de prestacións de atención sanitaria que formen parte da carteira de servizos do sistema sanitario público de Galicia. Acompaño a declaración de documento acreditativo conforme a asistencia sanitaria recibida pola persoa contribuínte/persoa acompañada forma parte da carteira de servizos do SERGAS. No caso de ser acompañante, indicar nome, apelidos e NIF da persoa receptora da prestación sanitaria:*
..........................................................................................................................................
.....

☐ *Que, sendo deportista federado/a, a miña estadía ten como finalidade concorrer a competición oficial (indicar clube, deporte e competición):*

..........................................................................................................................................
.....

☐ *Que a miña estadía está causada polo seguinte acontecemento de forza maior:*
..........................................................................................................................................
....

☐ *Que acredito un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%*

☐ *Que a miña estadía é sufragada pola seguinte entidade de dereito público (indicar):*
..........................................................................................................................................
....

☐ *Que a miña estadía débese a unha situación de realoxo, obras na miña vivenda habitual en Vigo, ou situación asimilable, sendo a dirección da miña vivenda en Vigo (indicar):*
..........................................................................................................................................
....

*E, para que conste e resulte aplicable o suposto de non suxeición/exención/recargo cero previsto na Ordenanza Fiscal nº 54 reguladora do recargo:*

*Lugar e data* ..........................................................................................................

*Sinatura da persoa declarante* *Sinatura do establecemento turístico*

**Terceiro.- Propoñer ao Pleno**, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte ACORDO

**1º)** Acordar a imposición do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas, en aplicación do disposto no artigo 24 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

**2º)** Aprobar provisionalmente a Ordenanza Fiscal reguladora do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas (54)

***ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO***

*1. Esta entidade local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, no artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; de conformidade co disposto no artigo 38 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e ao abeiro da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, establece a imposición do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, cuxas normas atenden ao disposto na Sección 3ª do Capítulo II da citada lei autonómica.*

*2. Este recargo réxese, en todo o que non contemple a presente ordenanza, pola devandita lei ou normativa posterior que a substitúa e pola Ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección do Concello de Vigo.*

***ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE***

*1. Constitúe o feito impoñible deste recargo:*

*a) A estadía turística realizada polas persoas contribuíntes nos establecementos de aloxamento turístico determinados na normativa reguladora en materia de turismo, situados na cidade de Vigo, e que se relacionan a seguir:*

*1º. Establecementos hoteleiros.*

*2º. Apartamentos turísticos.*

*3º. Vivendas turísticas.*

*4º. Vivendas de uso turístico.*

*5º. Campamentos de turismo.*

*6º. Establecementos de turismo rural.*

*7º. Albergues turísticos.*

*b) A estadía en embarcacións de cruceiro turístico fondeadas ou amarradas no porto de Vigo, cando realicen escala no mesmo.*

*2. Entenderase por estadía o desfrute do servizo de aloxamento, por día ou fracción, con pernoita ou sen ela. Considérase que as estadías nos establecementos de aloxamento turístico a que se refire o número 1 constitúen, en todo caso, estadías turísticas, sen prexuízo dos supostos de non suxeición previstos no artigo 3.*

*3. Entenderase por embarcación de cruceiro turístico a embarcación que realiza transporte por mar ou por vías navegables coa única finalidade de lecer ou de recreo, nos termos definidos no apartado 3º do artigo 12 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia.*

***ARTIGO 3. SUPOSTOS DE NON SUXEICIÓN E DE EXENCIÓN***

*1. Non estarán suxeitas ao imposto as estadías seguintes:*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

*a) As que realice calquera persoa por motivos de saúde, así como as das persoas que a acompañen, sempre que quede xustificada a recepción das prestacións de atención sanitaria que formen parte da carteira de servizos do sistema sanitario público de Galicia.*

*b) As que realice unha persoa deportista federada pola concorrencia a competicións oficiais, debidamente xustificada.*

*c) As que realice calquera persoa por causas de forza maior debidamente xustificadas.*

*Terán a consideración de forza maior as estadías derivadas de aloxamentos xestionados a través dos Servizos Sociais Municipais.*

*2. Non se realizará o feito impoñible do imposto cando as embarcacións de cruceiro turístico tiveren como saída ou destino final un porto situado na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*3. Estarán exentas as seguintes estadías:*

*a) As realizadas por persoas menores de idade non emancipadas.*

*b) As realizadas por persoas con discapacidade que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.*

*c) As estadías subvencionadas por programas sociais dunha administración pública de calquera Estado membro da Unión Europea.*

*d) As estadías realizadas nos albergues públicos xestionados pola Xunta de Galicia a través da S.A. do Plan Xacobeo.*

*e) As estadías realizadas nos albergues xuvenís.*

*4. Para a súa aplicación, os supostos de non-suxeición, de exención e de recargo cota cero deberán ser acreditados documentalmente por calquera medio admitido en dereito.*

*5. O suxeito pasivo substituto da persoa contribuínte deberá conservar durante o prazo de prescrición os medios acreditativos que lle foren achegados para a aplicación da non-suxeición ou da exención correspondente.*

***ARTIGO 4. RECARGO CERO***

*Establécese un recargo do 0% (cero euros) para as estadías que se indican a continuación:*

*a) As que se realicen por parte de residentes en Vigo como consecuencia de realoxos, da realización de obras na vivenda habitual en Vigo e supostos asimilables.*

*b) As que realicen as persoas cuxo aloxamento se sufrague por unha entidade de dereito público ou con aplicación da regulación das indemnizacións por razón de servizo que se regula no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, ou norma análoga que resulte aplicable.*

***ARTIGO 5. NORMAS DE APLICACIÓN AOS SUPOSTOS DE NON SUXEICIÓN, EXENCIÓN E RECARGO CERO***

*1. Para a aplicación dos supostos de non suxeición, exención e recargo cero establecidos nos artigos 3.1.a), 3.1.b), 3.1.c), 3.3.b), 4.a) e 4.b) anteriores, a persoa que realiza a estancia deberá cumprimentar e asinar o modelo de declaración responsable que consta como anexo desta ordenanza, na que se indicarán os datos da persoa que realiza a estancia, o suposto de non suxeición, exención ou recargo cero aplicable e os seguintes datos:*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 14:50 | Páxina 33 de 98 |
|---|---|---|
| 2071-1102 Aprobado por XGL 24/04/2026 | CSV: A9B1A2-DDD1D6-534DD2-W9UJ6H-USVGPW-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*- Para o suposto de non suxeición previsto no apartado 1.a) do artigo 3, relativa ás estancias efectuadas por motivos de saúde:*

*a) A declaración responsable debe especificar os datos identificativos da persoa receptora da prestación e, no seu caso, das persoas que a acompañan.*

*b) Certificado do centro sanitario ou informe médico no que conste que a asistencia sanitaria recibida pola persoa contribuínte/acompañada forma parte da carteira de servizos do SERGAS.*

*- Para o suposto de non suxeición previsto no apartado 1.b) do artigo 3, relativo ás estancias efectuadas por unha persoa deportista federada pola concorrencia a competicións oficiais, na declaración responsable indicará cales son os datos da competición á que se asiste.*

*- Para o suposto de non suxeición previsto no apartado 1.c) do artigo 3, relativa ás estancias que realice calquera persoa por causas de forza maior debidamente xustificadas:*

*a) A declaración responsable indicará o acontecemento producido.*

*b) Documento no que conste o acontecemento correspondente ou a activación dalgunha medida pública que se relacione, expedido pola Administración local, a menos que as circunstancias determinantes da concorrencia de forza maior resulten dunha declaración legal ou dunha situación de notoriedade coñecida pola propia administración.*

*- Para o suposto de exención previsto no apartado 3.b) do artigo 3, relativa ás estancias realizadas por persoas con discapacidade que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%, queda condicionada á exhibición do certificado ou documento que acredite a discapacidade indicada.*

*- Para o suposto de aplicación do recargo cero previsto no apartado a) do artigo 4, a persoa contribuínte indicará na declaración responsable a dirección da súa vivenda habitual situada no termo municipal de Vigo.*

*- Para o suposto de aplicación do recargo cero previsto no apartado b) do artigo 4, a persoa contribuínte indicará na declaración responsable a entidade de dereito público que sufrague a estadía.*

*2. O suposto de exención previsto no apartado 3.c) do artigo 3, relativo ás estancias subvencionadas por programas sociais dunha administración pública de calquera Estado membro da Unión Europea, aplicarase nos casos de que a reserva sexa efectuada ou a factura expedida a nome da entidade promotora do programa social, sempre que quede claramente identificado o programa a cargo do cal se financia a estancia.*

*3. A persoa substituta da contribuínte ten a obriga de conservar durante catro anos unha copia dos documentos ou, no seu caso, das declaracións responsables, utilizados en cada caso para xustificar os supostos de non suxeición, exención ou aplicación do recargo cero anteriores. O modelo de declaración responsable consta como anexo desta ordenanza e será publicado na súa versión actualizada na sede electrónica do Concello, a disposición das persoas obrigadas tributarias.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

***ARTIGO 6. PERSOAS OBRIGADAS TRIBUTARIAS***

*1. Será suxeito pasivo contribuínte do recargo do imposto toda persoa física que realice unha estancia nos establecementos de aloxamento turístico determinados no artigo 2 ou ben aquela persoa ou entidade a cuxo nome se entregue a factura ou documento análogo pola estancia de persoas físicas neses establecementos.*

*No suposto de embarcacións de cruceiro turístico, considerarase suxeito pasivo contribuínte a persoa cruceirista que estea en tránsito no momento da deivindicación do recargo.*

*2. Terán a condición de suxeito pasivo substituto da persoa contribuínte e estarán obrigados/as ao cumprimento das obrigas materiais e formais do imposto:*

*a) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que realice a explotación do establecemento de aloxamento turístico.*

*b) A persoa consignataria que, de acordo coa lei estatal vixente de navegación marítima, actúe en nome e representación da armadora ou navieira da embarcación de cruceiro turístico que estea en tránsito no momento da devindicación do recargo.*

*3. Terá o carácter de responsable solidario ou solidaria do ingreso das débedas tributarias correspondentes ás cotas devindicadas das persoas contribuíntes:*

*a) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que sexa titular do establecemento turístico, que non sexa o suxeito pasivo.*

*b) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que contrate directamente en nome da persoa contribuínte e faga de intermediaria entre esta e os establecementos de aloxamento turístico.*

***ARTIGO 7. IMPORTE DO RECARGO***

*1. O importe do recargo sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas consistirá nunha porcentaxe do 72,75% sobre a cota íntegra do imposto conforme ás tarifas establecidas no artigo 16 da Lei 5/2024, de acordo coas regras establecidas nos puntos 2 e 3 do presente artigo 7.*

*2. O importe do recargo determínase polo número de días de que conste cada período de estadía da persoa contribuínte nos establecementos de aloxamento turístico.*

*No caso de estadías en embarcacións de cruceiro turístico, entenderase por estadía cada un dos períodos de vinte e catro horas ou fracción computados desde o fondeo ou amarre da embarcación. As estadías inferiores a 24 horas considéranse estadías dun día.*

*O número máximo de días que se computará en cada período de estadía é de cinco días, sen prexuízo do disposto na Disposición Transitoria Primeira.*

*3. O importe do recargo, tendo en conta o establecido no punto 1 do presente artigo, e sen prexuízo dos supostos de recargo cero establecidos no artigo 4, son os seguintes:*

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| *TIPO DE ALOXAMENTO TURÍSTICO* | | | *COTA (€ por día ou fracción)* |
|---|---|---|---|
| *Establecementos hoteleiros* | *Hoteis* | *5 estrelas superior* | *1,82 €* |
| | | *5 estrelas* | *1,82 €* |
| | | *4 estrelas superior* | *1,82 €* |
| | | *4 estrelas* | *1,46 €* |
| | | *3 estrelas superior* | *1,46 €* |
| | | *3 estrelas* | *1,46 €* |
| | | *2 estrelas superior* | *1,46 €* |
| | | *2 estrelas* | *1,09 €* |
| | | *1 estrela superior* | *1,09 €* |
| | | *1 estrela* | *1,09 €* |
| | *Pensións* | | *1,09 €* |
| *Albergues* | | | *0,73 €* |
| *Campamentos de turismo* | | | *0,73 €* |
| *Establecementos de turismo rural* | | | *0,73 €* |
| *Apartamentos turísticos* | | | *0,73 €* |
| *Vivendas turísticas* | | | *0,73 €* |
| *Vivendas de uso turístico* | | | *1,46 €* |
| *Estadías en embarcacións de cruceiro turístico* | | | *1,09 €* |

*4. A Administración tributaria poderá aplicar o método de estimación indirecta se a persoa substituta da persoa contribuínte non presenta a autoliquidación do recargo ou presenta autoliquidacións incompletas ou inexactas e non achega os datos de ocupación do establecemento ou equipamento turístico que explota. Neste caso, o número de unidades de estancia no establecemento ou equipamento turístico determínase, preferentemente, e sen prexuízo da utilización doutros medios establecidos pola lexislación vixente, polos seguintes medios:*

*a) A partir dos datos estatísticos de ocupación dos establecementos ou equipamentos do mesmo tipo situados no termo municipal de Vigo.*

*b) A partir dos datos declarados por unha mostra de establecementos ou equipamentos regrados do mesmo tipo situados na mesma zona da cidade. A estes efectos, enténdese por establecemento regrado o que está dado de alta no Rexistro de Turismo de Galicia.*

*c) A partir dos datos procedentes de estudos do sector elaborados por organismos públicos ou por organizacións privadas de acordo con técnicas estatísticas adecuadas.*

*d) A partir dos datos que constan no rexistro policial das persoas que se aloxan nos establecementos de hospedaxe situados no termo municipal de Vigo.*

***ARTIGO 8. DEIVINDICACIÓN***

*O recargo devindicarase ao comezo de cada estadía, computada por día ou fracción, nos establecementos de aloxamento turístico a que se refire o feito impoñible deste imposto. No suposto de cruceiros turísticos, o inicio da estadía acontecerá no momento en que a embarcación faga escala no porto de Vigo.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

### *ARTIGO 9. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN E INGRESO DAS AUTOLIQUIDACIÓNS*

*1. Os suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte realizarán dúas autoliquidacións anuais, que comprenderán as cotas deivindicadas en cada un dos semestres naturais:*

*a) Semestre 1: Do 1 de xaneiro ao 30 de xuño.*

*b) Semestre 2: Do 1 de xullo ao 31 de decembro.*

*2. Os suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte presentarán autoliquidación de forma telemática na sede electrónica do Concello, empregando o modelo dispoñible na devandita sede electrónica. A autoliquidación e ingreso do primeiro semestre realizarase ata o 31 de xullo do mesmo ano e a autoliquidación e ingreso do segundo semestre realizarase ata o 31 de xaneiro do ano seguinte.*

*3. No caso de explotar máis dun establecemento, os suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte poderán efectuar a autoliquidación e o pago das cotas devindicadas do recargo da totalidade daqueles, dunha maneira agregada, mediante unha única autoliquidación.*

### *ARTIGO 10. XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN*

*A xestión, inspección e recadación do recargo do imposto realizaranse de acordo co previsto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e nas demais disposicións reguladoras da materia, así como na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello.*

### *ARTIGO 11. COMISIÓN MUNICIPAL DE ASESORAMENTO E SEGUIMENTO DA IMPLANTACIÓN DO RECARGO*

*1. No prazo de dez meses desde o inicio da aplicación da presente Ordenanza, en cumprimento do disposto no artigo 24.7 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, esta Administración municipal constituirá a Comisión municipal de asesoramento e seguimento da implantación do recargo sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas . A designación das persoas integrantes da mesma realizarase por acordo da Xunta de Goberno Local.*

*2. Esta Comisión estará formada por representantes do Concello de Vigo, representantes das empresas do sector e das asociacións veciñais.*

*3. Son funcións da Comisión municipal de asesoramento e seguimento da implantación do recargo sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas as seguintes:*

*a) O asesoramento e seguimento permanente de aplicación do recargo, para o cal terá en conta indicadores como a evolución do nivel de ocupación, o número de prazas turísticas, o rendemento por cada praza ou calquera outro indicador dos sectores turísticos do municipio.*

*b) A aprobación, con carácter anual, dun informe de avaliación do impacto do recargo en relación coas finalidades da mesma, que será publicado na páxina de transparencia do Concello.*

### *ARTIGO 12. COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA*

*En cumprimento do deber de colaboración entre as administracións públicas que consagra o artigo 141 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o Concello poderá*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 14:50 | Páxina 37 de 98 |
|---|---|---|
| 2071-1102 Aprobado por XGL 24/04/2026 | CSV: A9B1A2-DDD1D6-534DD2-W9UJ6H-USVGPW-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*solicitar da Dirección Xeral da Policía a subministración periódica, por medios electrónicos e nos formatos e prazos que se determinen por convenio, os datos contidos no rexistro de persoas aloxadas nos establecementos de aloxamento turístico situados na cidade de Vigo que sexan estritamente necesarios para aplicar o recargo do imposto sobre as estadías turísticas.*

*Considéranse datos estritamente necesarios os seguintes:*

*a) A identificación do establecemento de aloxamento turístico situado no termo municipal de Vigo.*

*b) A identificación da persoa titular da explotación do establecemento de aloxamento turístico.*

*c) O número e tipo de documento de identidade da persoa que se aloxa no establecemento de aloxamento turístico e a súa data de nacemento.*

*d) A data de entrada no establecemento de aloxamento turístico de cada persoa que se aloxa e o número de días previstos da estadía.*

***ARTIGO 13. AFECTACIÓN DOS INGRESOS***

*1. De acordo co disposto no artigo 24 da Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, os ingresos do recargo estarán afectados nun 80 %, unha vez deducidos os custos da súa aplicación, a investimentos e a gastos vinculados á promoción, ao impulso, á protección, ao fomento e ao desenvolvemento do turismo sustentable, tendo como destino as actuacións previstas no parágrafo 4 do citado artigo 24.*

*2. O control da correcta aplicación dos ingresos do recargo ás finalidades sinaladas corresponde ás concellarías competentes en materia de Turismo e Facenda.*

*3. Logo do ditame do órgano de participación previsto no artigo 12, incluirase no orzamento de gastos o detalle da aplicación dos ingresos do recargo. Na liquidación verificarase a correcta e completa aplicación dos fondos ás finalidades sinaladas.*

***ARTIGO 14. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS***

*En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas cualificacións, así como á determinación das sancións que correspondan, estarase ao disposto na Ordenanza Fiscal Xeral, Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e restante normativa de aplicación.*

***DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA***

*Aplicarase un recargo do 0% para a terceira, cuarta e quinta pernocta ata o 30 de xuño de 2027 aos feitos impoñibles previstos no artigo 2.1.a), pasando a computarse un número máximo de cinco pernoctas para cada estadía a partir do 1 de xullo de 2027 (incluído).*

***DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA***

*As disposicións recollidas nesta ordenanza relativas ao recargo sobre o imposto cando o feito impoñible sexa a estadía en embarcacións de cruceiro turístico fondeadas ou amarradas no porto de Vigo cando realicen escala no mesmo (artigo 2.1.b) serán de aplicación a partir do 1 de xullo de 2027 (incluído).*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

***DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA***

*Os suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte nos supostos do artigo 2.1.a) presentarán autoliquidación e ingreso correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro de 2026 ata o 31 de xaneiro de 2027.*

***DISPOSICIÓNS FINAIS***

*1ª. No non previsto nesta ordenanza serán de aplicación as disposicións contidas na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, na Lei 5/2024 de Galicia, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e na restante lexislación tributaria aplicable.*

*2ª. Esta ordenanza entrará en vigor ao dia seguinte da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse o día un (1) de outubro de 2026, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.*

***ANEXO.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE***

***DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA O RECARGO MUNICIPAL SOBRE O IMPOSTO GALEGO SOBRE AS ESTADÍAS TURÍSTICAS***

***DATOS DA PERSOA DECLARANTE:***

*Nome e apelidos ................................................................................ NIF/ Pasaporte ............................*

***DECLARACIÓN:***

*De conformidade coa Ordenanza Fiscal nº 54 reguladora do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas e baixo a miña responsabilidade,*

***DECLARO (marcar cun X a declaración realizada):***

☐ *Que a miña estadía ten como finalidade a recepción/acompañar á persoa receptora de prestacións de atención sanitaria que formen parte da carteira de servizos do sistema sanitario público de Galicia. Acompaño a declaración de documento acreditativo conforme a asistencia sanitaria recibida pola persoa contribuínte/persoa acompañada forma parte da carteira de servizos do SERGAS. No caso de ser acompañante, indicar nome, apelidos e NIF da persoa receptora da prestación sanitaria:*

..........................................................................................................................................................
.....

☐ *Que, sendo deportista federado/a, a miña estadía ten como finalidade concorrer a competición oficial (indicar clube, deporte e competición):*

..........................................................................................................................................................
.....

☐ *Que a miña estadía está causada polo seguinte acontecemento de forza maior:*

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

..........................................................................................................................................
....

☐ *Que acredito un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%*

☐ *Que a miña estadía é sufragada pola seguinte entidade de dereito público (indicar):*
..........................................................................................................................................
....

☐ *Que a miña estadía débese a unha situación de realoxo, obras na miña vivenda habitual en Vigo, ou situación asimilable, sendo a dirección da miña vivenda en Vigo (indicar):*
..........................................................................................................................................
....

*E, para que conste e resulte aplicable o suposto de non suxeición/exención/recargo cero previsto na Ordenanza Fiscal nº 54 reguladora do recargo:*

*Lugar e data* ..........................................................................................................................

*Sinatura da persoa declarante* *Sinatura do establecemento turístico*

**3º)** Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

**4º)** Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva. Publicarase o texto da ordenanza no BOP para a súa entrada en vigor.

**<u>ACORDO</u>**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(289).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓNS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN DE PROGRAMAS EDUCATIVOS E ACTIVIDADES NOS CENTROS DOCENTES DE VIGO. EXPTE. 99603/332.**

Visto o informe de fiscalización de data 13/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 01/04/2026, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e pola concelleira da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 20 de febreiro de 2026 adoptou os seguintes acordos:

"*Primeiro: Aprobar as Bases reguladoras, a Convocatoria e o Extracto da mesma para a concesión de subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización de programas educativas e actividades para os centros docentes de Vigo, que se achegan ao expediente.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

*Segundo: Aprobar o gasto por importe total de 40.000,00 (corenta mil) euros, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0002 “Actividades extraescolares” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2026.”*

Incorpórase ao expediente 99603/332 o contido da acta da xuntanza mantida pola Comisión de Seguimento celebrada en data 1 de abril de 2026, coa finalidade de emitir unha proposta de resolución para a concesión das Subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización de programas educativos e actividades nos centros docentes de Vigo.

Faise constar que da información que obra no seu poder despréndese que todos os centros educativos solicitantes cumpren cos requisitos esixidos para acceder a estas subvencións (Base 4C).

A presente proposta remitirase para informe preceptivo da Intervención Xeral Municipal, con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e coa base 10.3 das que rexen este procedemento.

Á vista do anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“**Primeiro**.- Conceder ás seguintes entidades solicitantes as Subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización de programas educativos e actividades nos centros docentes de Vigo (expte 99603/332), polos importes que se indican:

| *Centro educativo solicitante* | *CIF* | *Proxecto* | *Importe concesión* |
|---|---|---|---|
| CEIP Virxe do Rocío | S8600039E | II Romaría do Resío | 2.000,00 € |
| CEIP Vicente Risco | S8600060A | Son das Flores | 2.000,00 € |
| IES Carlos Casares | Q8655403G | Vigo e a Ría | 2.000,00 € |
| CEIP Paraixal | S8600050B | De regreso á nosa cidade trala volta ao mundo | 2.000,00 € |
| IES do Castro | S8600082E | Acto graduación alumnado | 2.000,00 € |
| IES Alexandre Bóveda | Q8655516F | Conmemoración 50 aniversario | 2.000,00 € |
| Centro de Estudios Alba SL (CPR Alba) | B36603439 | Proxecto Aqua | 2.000,00 € |
| IES Santa Irene | Q8655098E | Homenaxe a Evangelino Taboada: Memoria histórica e viva | 847,00 € |
| CEIP Seis do Nadal | S8600059C | O gran circo do Seis | 2.000,00 € |
| CEIP Ría de Vigo | S8600008J | Aula aberta Xela Arias | 2.000,00 € |
| IES Castelao | Q8655247H | De Circe a Morgana: homenaxe a Begoña Caamaño | 2.000,00 € |
| Asociación Fontenova (CCFP Aloya) | G36838514 | Acto entrega de títulos a alumnos de ciclos formativos | 2.000,00 € |
| CEIP Carballal | S8600046J | Actividades extraescolares: Horto e saídas | 2.000,00 € |
| CEE Saladino Cortizo | Q8650013I | Actividades de fin de curso | 1.906,92 € |

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| | | | |
|---|---|---|---|
| CEIP Frian | S8600032J | Reforestando os nosos bosques | 2.000,00 € |
| Fomento de Centros de Enseñanza SA (CPR Las Acacias) | A28126597 | Festival de Nadal / Banco de Alimentos / Voluntariados | 2.000,00 € |
| Colegio Labor SL (CPR Labor) | B36824431 | Festival audiovisual y teatral de la 2ª Semana Europea | 2.000,00 € |
| CEIP Valle Inclán | S8600021C | Saídas e actos no centro | 2.000,00 € |

**Segundo**.- Dispoñer a publicación da relación de subvencións concedidas na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org e no portal de transparencia, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP. Así mesmo, remitiranse as subvencións concedidas á Base de Datos Nacional de Subvencións, con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

**Terceiro.**- Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á publicación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPACAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución."

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(290).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE "PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA PARA MENORES FILLAS E FILLOS DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO". EXPTE. 14325/224.**
Visto o informe xurídico de data 09/04/2026 e o informe de fiscalización do 10/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 24/03/2026, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, a xefa de Igualdade e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

O obxecto deste e contrato consiste en xestionar e executar o *"Programa de atención psicolóxica para menores fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero".*

Este programa ten por obxecto ofrecer apoio psicolóxico individualizado a menores, fillas e fillos de mulleres en situación de violencia, a través de sesións individuais cunha psicóloga especializada en violencia de xénero, de cara a intervir os efectos negativos que a exposición a violencia de xénero ten para o seu desenvolvemento psicolóxico e emocional.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

O programa está dirixido, con carácter xeral, a nenas e nenos de 6 a 17 anos, cuxas nais sofren ou sufriron situacións de violencia de xénero e que na actualidade non exista convivencia co agresor.

O programa ten principalmente 3 finalidades:

a) Asistencial ou terapéutica. No tratamento da ou do menor para resolver as secuelas ou consecuencias negativas da exposición á violencia de xénero.

b) Psicoeducativa. Para dotar ás nenas e nenos expostos á violencia de xénero de habilidades que lles permitan facer unha crítica das condutas agresivas e que non son aceptables dentro dunha relación igualitaria. Para devolver ás nais as competencias educativas e de crianza, que en moitos casos víronse esgotadas como consecuencia da violencia que sufriron e dándolles ferramentas e apoio necesario para potenciar a súa seguridade, confianza e autonomía no seu rol de nais.

c) Preventiva. Proporcionando ás nenas e ós nenos os recursos necesarios, segundo o caso, para que poidan identificar as distintas manifestacións da violencia de xénero, promovendo unha asunción de modelos de relacións igualitarias entre ambos sexos, previndo futuras relacións afectivas baseadas na desigualdade e na violencia de xénero.

Mediante Resolución de data 20.02.2026 a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para contratar por procedemento aberto a prestación do servizo do Programa de atención psicolóxica para menores fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero. No informe de necesidade e idoneidade recóllense os seguintes antecedentes:

*"O pasado 30 de setembro de 2025 finalizou o período de vixencia do contrato licitado por procedemento aberto simplificado e adxudicado á entidade "Gabinete de Psicoloxía Karma SL", Expte 9846-224.*

*Tendo en conta a data na que remataba o contrato, en data 26.03.2025, o Servizo de Igualdade iniciou un expediente de licitación para unha nova selección de contratista por procedemento aberto (expte. 13659-224). A Xunta de Goberno Local de data 04.07.2025 aprobou o expediente de contratación e a apertura do procedemento de licitación cuxo prazo para a presentación de ofertas rematou o día 21 de xullo de 2025. Ao devandito procedemento presentáronse dous licitadoras.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 22 de agosto de 2025, adoptou o acordo de declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do servizo do programa de atención psicolóxica para menores fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero (13659-224) por quedar excluídas todas as licitadoras admitidas no mesmo.*

*A teor desta situación sobrevida, fíxose necesario iniciar por este órgano xestor unha nova licitación para a formalización dun novo contrato co fin de darlle estabilidade e continuidade a este programa. Así, tramitouse o expediente 13960-224, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 12.09.2025. A este procedemento presentou unha licitadora. A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 5 de decembro de 2025, adoptou o acordo de declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do servizo do programa de atención psicolóxica para menores fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero (13960-224)*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 14:50 | Páxina 43 de 98 |
| 2071-1102 Aprobado por XGL 24/04/2026 | CSV: A9B1A2-DDD1D6-534DD2-W9UJ6H-USVGPW-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*porque a única licitadora presentada e admitida neste procedemento non atendeu correctamente ao requirimento previsto no artigo 150.2 da LCSP.*

*A teor desta nova situación sobrevida, faise necesario iniciar por este órgano xestor unha nova licitación para a formalización dun novo contrato co fin de darlle estabilidade e continuidade a este programa."*

No expediente consta a seguinte documentación:

- Informe sobre a necesidade e idoneidade e orde de inicio do procedemento aberto do contrato de servizos do "*Programa de atención psicolóxica para menores fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero"* asinado o 20 de febreiro de 2026 pola xefa do Servizo de Igualdade,  pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade. Firmado en data 23 de febreiro de 2026 polo Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda e pola secretaria de Goberno Local.
- Memoria económica asinada o 25 de febreiro de 2026 pola axente de igualdade de oportunidades e pola xefa do Servizo de Igualdade; conformada na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e en data 26 de febreiro de 2026 polo Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda.
- Certificados de retencións de crédito de data 4 de marzo de 2026, operacións nº 12026000021860 e nº 12026000021861 RC_FUT.
- Declaracións das redactoras do prego de prescricións técnicas (axente de igualdade de oportunidades e xefa do Servizo de Igualdade) asinadas o 4 de marzo de 2026 sobre o cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso das licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia.
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado o 4 de marzo de 2026 pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade conformado o 5 de marzo de 2026 pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Memoria xustificativa asinada o 5 de marzo de 2026 pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Informe favorable do Servizo de Contratación sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado o 23 de marzo de 2026 pola técnica de administración xeral e o 24 de marzo pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 20 de marzo de 2026 pola técnica de administración xeral e pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos.

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración de dous  anos, coa posibilidade de realizar como máximo 3 prórrogas, dunha duración dun ano.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

Segundo se motiva na memoria económica, o importe do contrato (IVE exento) é de 33.089,06 €.

O importe do valor total estimado do contrato, incluídas as tres posibles prórrogas e o 20% da posible modificación do contrato prevista nos pregos é de 89.340,46 €.

O expediente ten a condición de gasto plurianual, pois o inicio do contrato está previsto para o exercicio do ano 2026 e a súa finalización está prevista para o exercicio do ano 2028.

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da aplicación orzamentaria *"Actuacións contra a violencia de xénero"* 2311 2260603 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade e dos orzamentos futuros que se aproben para os exercicios 2027 e 2028 condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos ditos orzamentos.

Exercicio 2026: 9.650,98 € proxecto 25231103

Exercicio 2027: 16.544,53 €

Exercicio 2028: 6.893,55 €

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- O V Plan integral de Igualdade de oportunidades entre mulleres de homes da cidade de Vigo 2026-2030, aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 6 de febreiro de 2026 e ratificado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión do 23 de febreiro de 2026
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.*
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto que rexerán esta contratación.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 9/2017.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

Primeiro.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP) que, nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi de-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 14:50 | Páxina 45 de 98 |
| 2071-1102 Aprobado por XGL 24/04/2026 | CSV: A9B1A2-DDD1D6-534DD2-W9UJ6H-USVGPW-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

legada nos/as concelleiros/as delegados/as de Área por Acordo da Xunta de Goberno Local do 7.11.2025.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade obxecto do contrato e nel constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente, a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 LCSP.

Quinto.- Na memoria económica xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo. 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP) así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira); a elección do procedemento aberto e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Constan no expediente certificados de retención de crédito RC_ FUT e RC de data 4 de marzo de 2026. O informe da fiscalización previa incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución deste expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP).

Polo exposto, e previo informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, que adopte o seguinte

**ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do "*Programa de atención psicolóxica para menores fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero".*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de admnistración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 20 de marzo de 2026.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola axente de igualdade de oportunidades e pola xefa do Servizo de Igualdade o 4 de marzo de 2026, e conformado en data 5 de marzo de 2026 pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 33.089,06 € para facer fronte á contratación da xestión do *"Programa de atención psicolóxica para menores fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero",* que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria *"Actuacións contra a violencia de xénero"* 2311 2260603 do orzamento vixente e dos orzamentos futuros do Servizo de Igualdade que se aproben para os exercicios 2027 e 2028, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos ditos orzamentos, desglosado do seguinte xeito: 9.650,98 € (proxecto 25231103) imputaranse ao orzamento do ano 2026, 16.544,53 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2027, e 6.893,55 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2028.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(291).- EXPEDIENTE PRORROGADO DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO ANO 2025. EXPTE. 12215/320.**

Visto o informe xurídico do 14/04/2026 e o informe de fiscalización do 27/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 10/03/2026, asinado polo técnico de Xestión e conformado polo concelleiro delegado de Participación Cidadá, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de, 27 de xuño de 2025 aprobáronse as bases reguladoras das subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá para a ano 2025.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 126 do 3 de xullo de 2025, así como, na páxina web do Concello de Vigo, promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (17 de xullo de 2025).



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 14:50 | Páxina 47 de 98 |
|---|---|---|
| 2071-1102 Aprobado por XGL 24/04/2026 | CSV: A9B1A2-DDD1D6-534DD2-W9UJ6H-USVGPW-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Durante este prazo (de 18 de xullo ao 8 de agosto de 2025), achegaron un total de corenta e catro solicitudes (44).

II. O concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, conforme ao establecido no apartado 11ª das bases da convocatoria resolveu o nomeamento dos titulares da Comisión de Valoración, órgano colexiado que, en xuntanza de data 25/09/2025 procedeu, conforme á información e documentación obrante no expediente, a realizar a avaliación das solicitudes presentadas cos resultados expostos na acta da comisión asinada por todos os seus compoñentes, acordando estimar a relación das corenta e dúas (42) entidades as que se lle propón conceder subvención, para os Programas para os que solicitou axuda, así como desestimar (total ou parcialmente) as solicitudes que non cumprían coas condicións e requisitos establecidos para acadar a condición de beneficiaria, e ter por desistidas as solicitudes segundo as circunstancias que constan no expediente.

O proceso de outorgamento das subvencións realizouse en base aos cálculos detallados nos baremos que constan no expediente da convocatoria, e conforme aos criterios de valoración establecidos na cláusula décima das bases reguladoras da convocatoria.

III. Formulada a correspondente proposta, foi fiscalizada favorablemente pola Intervención Xeral Municipal en data 14/10/2025.

IV. Mediante acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 15 de outubro de 2025, aprobouse o acordo de concesión con identificación das beneficiarias e contía outorgada, así como a desestimación e desistimento, respectivamente, das subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá para a ano 2025.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

O presente procedemento de subvencións iniciouse de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente (art. 20 da LSG) e tramitouse en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co art. 22.1 da LXS.

**EXPEDIENTE PRORROGADO:**

Debido ao atraso producido na tramitación das presentes subvencións, este servizo xestor non tramitou toda a xustificación das ditas subvencións no ano do outorgamento, polo que cómpre que a imputación orzamentaria se faga con cargo ao crédito do ano 2026, de xeito que as entidades beneficiarias que xustificaron dentro do prazo, non perdan o dereito.

As Bases de Execución do Orzamento Municipal establecen o seguinte:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

· **Base 38 de execución do Orzamento:** non caberá a posibilidade de que unha subvención concedida no ano poida ser incorporada como remanente ao orzamento do ano seguinte, polo que, se a beneficiaria non xustificou dentro do prazo, perderá o dereito, e se o servizo xestor non tramitou a xustificación no ano do outorgamento, a imputación orzamentaria farase con cargo ao crédito do ano seguinte, diminuíndo a dispoñibilidade de crédito dese ano...

· **Base 29 de execución do Orzamento:** os expedientes de gasto iniciados nun exercicio e que por calquera causa non se chegue a concretar a contía do seu compromiso poderán terminarse no seguinte exercicio.

Non cómpre para iso repetir os informes emitidos e os trámites realizados, sempre que non se modifiquen as circunstancias de feito e de dereito existentes no momento de emitilos ou realizalo e sempre que exista crédito adecuado e suficiente.

Xa que logo, faise necesaria a tramitación desta convocatoria de subvencións como expediente prorrogado ao non concretarse o compromiso orzamentario no ano do seu inicio e executándose con cargo aos orzamentos do ano 2026, no que existe crédito adecuado e suficiente nas partidas orzamentarias 9240 4890000 "*Subvencións a entidades cidadás*", cunha dotación de 300.000,00 €, e/ou á partida orzamentaria 9240 7800010 "*Subvencións Capital Asociacións e Atrios*", dotada con 300.000,00 €.

A contía total dos pagos pendentes con cargo ao ano 2026 ascende a un total de **13.132,96 €** distribuídos da seguinte maneira:

**Programas I e II: 10.866,79 €** con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000 "*Subvencións a entidades cidadás*", a cal conta cunha dotación de 300.000,00 €:

| | Expte Pago | Entidade | CIF | Importe pte pago |
|---|---|---|---|---|
| Programa I | 12615-320 | Centro Cultural de Coruxo | G-36627495 | 5.843,01 € |
| Programa I | 12536-320 | Asociación Veciñal Casco Vello | G-36645885 | 5.023,78 € |
| | | | **TOTAL PROGRAMA I** | **10.866,79 €** |

**Programas III e IV: 2.266,17 €** con cargo á aplicación orzamentaria 9240 7800010 "*Subvencións Capital Asociacións ",* dotada con 300.000,00 €.

| | Expte Pago | Entidade | CIF | Importe pte pago |
|---|---|---|---|---|
| Programa III | 12456-320 | Asociación Cultura e Veciñal Xestas | G-36628543 | 607,45 € |
| Programa III | 12552-320 | Agrupación Centros Culturais Vigo | G-36791291 | 324,32 € |
| Programa III | 12535-320 | Asociación Veciñal Casco Vello | G-36645885 | 523,13 € |
| Programa IV | 12618-320 | Centro Cultural de Coruxo | G-36627495 | 61,15 € |

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Programa III | 12531-320 | Asociación Helios Bembrive | G-36633428 | 750,12 € |
| | | | **TOTAL PROGRAMA III e IV** | **2.266,17 €** |

De conformidade co anteriormente exposto e, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, formúlase á Xunta de Goberno Local, como órgano competente, a seguinte proposta de

**ACORDO**

**PRIMEIRO:** Autorizar a tramitación do expediente 12215/320 correspondente á "*Convocatoria das subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2025,* como expediente prorrogado de gasto con cargo aos orzamentos municipais do 2026, constando crédito adecuado e suficiente nas partidas orzamentarias 9240 4890000 "*Subvencións a entidades cidadás*" e/ou á partida orzamentaria 9240 7800010 "*Subvencións Capital Asociacións*", de acordo aos informes emitidos e os trámites realizados que constan no dito procedemento, tendo en conta, que a contía dos gastos pendentes de pago ascende a un total de **13.132,96 €** distribuídos da seguinte maneira:

**Programas I e II : 10.866,79** € con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000 "*Subvencións a entidades cidadás*", a cal conta cunha dotación de 300.000,00 €.

**Programas III e IV: 2.266,17 €** con cargo á aplicación orzamentaria 9240 7800010 "*Subvencións Capital Asociacións",* dotada con 300.000,00 €.

**SEGUNDO**: Dar conta da presente proposta á Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos oportunos.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(292).- EXPEDIENTE PRORROGADO DE SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS PARA O ANO 2025. EXPTE.12247/320.**
Visto o informe xurídico do 14/04/2026 e o informe de fiscalización do 27/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 12/03/2026, asinado polo técnico de Xestión e conformado polo concelleiro delegado de Participación Cidadá, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**
I. Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 8 de agosto de 2025 aprobáronse as bases reguladoras das subvencións para o financiamento de gastos de organización de actos sociais e encontros veciñais para a ano 2025.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 154 do 14 de agosto de 2025, así como, na páxina web do Concello de Vigo, promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días naturais, a contar dende o seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (10 de setembro de 2025).

II. O concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos conforme ao establecido no apartado 11ª das bases da convocatoria resolveu o nomeamento dos titulares da Comisión de Valoración, órgano colexiado, que, en xuntanza de data 12/11/2025 procederon, conforme á información e documentación obrante no expediente, a realizar a avaliación das solicitudes presentadas presentadas cos resultados expostos na acta da comisión asinada por todos os seus compoñentes, acordando estimar a relación das trinta (30) entidades as que se lle propón conceder subvención, para os Programas para os que solicitou axuda, así como desestimar (total ou parcialmente) as solicitudes que non cumprían coas condicións e requisitos establecidos para acadar a condición de beneficiaria, e ter por desistidas as solicitudes segundo as circunstancias que constan no expediente.

O proceso de outorgamento das subvencións realizouse en base aos cálculos detallados nos baremos que constan no expediente da convocatoria, e conforme aos criterios de valoración establecidos na cláusula décima das bases reguladoras da convocatoria.

III. Formulada a correspondente proposta, foi fiscalizada favorablemente pola Intervención Xeral Municipal en data 19/11/2025.

IV. Mediante acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 21 de novembro de 2025, aprobouse o acordo de concesión con identificación das beneficiarias e contía outorgada, así como a desestimación e desistimento, respectivamente. Así mesmo, acordouse **AMPLIAR** o prazo de xustificación das subvencións outorgadas, regulado na cláusula décimo terceira das bases para a presentación da documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

O presente procedemento de subvencións iniciouse de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente (art. 20 da LSG) e tramitouse en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co art. 22.1 da LXS.

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

**EXPEDIENTE PRORROGADO:**

Debido ao atraso producido na tramitación das presentes subvencións, este servizo xestor non tramitou toda a xustificación das ditas subvencións no ano do outorgamento, polo que cómpre que a imputación orzamentaria se faga con cargo ao crédito do ano 2026, de xeito que as entidades beneficiarias que xustificaron dentro do prazo, non perdan o dereito.

As Bases de Execución do Orzamento Municipal establecen o seguinte:
· **Base 38 de execución do Orzamento:** non caberá a posibilidade de que unha subvención concedida no ano poida ser incorporada como remanente ao orzamento do ano seguinte, polo que, se a beneficiaria non xustificou dentro do prazo, perderá o dereito, e se o servizo xestor non tramitou a xustificación no ano do outorgamento, a imputación orzamentaria farase con cargo ao crédito do ano seguinte, diminuíndo a dispoñibilidade de crédito dese ano.

· **Base 29 de execución do Orzamento:** os expedientes de gasto iniciados nun exercicio e que por calquera causa non se chegue a concretar a contía do seu compromiso poderán terminarse no seguinte exercicio.

Non cómpre para iso repetir os informes emitidos e os trámites realizados, sempre que non se modifiquen as circunstancias de feito e de dereito existentes no momento de emitilos ou realizalo e sempre que exista crédito adecuado e suficiente.

Xa que logo, faise necesaria a tramitación desta convocatoria de subvencións como expediente prorrogado ao non concretarse o compromiso orzamentario no ano do seu inicio e executándose con cargo aos orzamentos do ano 2026, no que existe crédito adecuado e suficiente na partida orzamentaria 9240 4890015, denominada "*Subvencións entidades cidadás. Actos Comunitarios*".

A contía total dos pagos pendentes con cargo ao ano 2026 ascende a un total de **17.204,43 €** distribuídos da seguinte maneira:

| Expte Pago | Entidade | CIF | Importe pte pago |
|---|---|---|---|
| 12613-320 | Asoc. Irmandade de Nosa Sra. Neves Matamá | G-36954162 | 1.833,24 € |
| 12585-320 | Asoc. Hermandad Fiestas Sta. Marina Cabral | G-36837425 | 3.186,16 € |
| 12577-320 | Asoc. Fiestasa de San Lorenzo | G-36701688 | 3.262,96 € |
| 12583-320 | Asoc. Cultural Festas Consolación Coia | G-36633030 | 3.356,91 € |
| 12588-320 | Asoc. Irmandade de Santa Ana Beade | G-36648095 | 2.166,55 € |
| 12582-320 | Asoc. Fiestas del Rosario | G-36710689 | 2.553,84 € |
| 12409-320 | Asoc. Festas dos Liñares | G-27784230 | 844,77 € |
| | | ***Importe total prorrogado ano 2026*** | **17.204,43 €** |

De conformidade co anteriormente exposto e, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, formúlase á Xunta de Goberno Local, como órgano competente, a seguinte proposta de

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

**PRIMEIRO:** Autorizar a tramitación do expediente 12247/320 correspondente á "*Convocatoria das subvencións para a organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais para o ano 2025",* como expediente prorrogado de gasto con cargo aos orzamentos municipais do 2026, constando crédito adecuado e suficiente na partida orzamentaria 9240 4890015, denominada "*Subvencións entidades cidadás. Actos Comunitarios*"., de acordo aos informes emitidos e os trámites realizados que constan no dito procedemento, tendo en conta, que a contía dos gastos pendentes de pago ascende a un total de **17.204,43 €.**

**SEGUNDO**: Dar conta da presente proposta á Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos oportunos.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(293).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO NO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDADE DE CATRO PRAZAS DE OFICIAL COIDADOR, MANTEMENTO, VIXILANCIA E CONTROL: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-2021-2022. EXPTE. 46492/220.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 31/03/2026, asinado polo presidente e pola secretaria do órgano de selección do referido proceso selectivo, que di o seguinte:

De conformidade coa acta nº 9 da sesión do órgano de selección celebrada o 26 de marzo de 2026, na que se adoptou acordo en relación co recurso de alzada presentado pola aspirante dona Noelia Manzano Herrero (***8318**) contra o acordo do órgano de selección adoptado na sesión celebrada o día 27 de xaneiro de 2026 que resolveu as alegacións interpostas ao cuestionario tipo test e o resultado do primeiro exercicio da oposición, elévase á Xunta de Goberno Local o seguinte informe-proposta:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- Constitución Española (CE).

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 14:50 | Páxina 53 de 98 |
|---|---|---|
| 2071-1102 Aprobado por XGL 24/04/2026 | CSV: A9B1A2-DDD1D6-534DD2-W9UJ6H-USVGPW-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

**Primeiro..-** En data 12 de xaneiro de 2026 realizouse na Aula de Formación da Policía Local sita na Casa do Concello o primeiro exercicio da oposición consistente en contestar por escrito, un cuestionario tipo test elaborado polo tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio, de 30 preguntas e 6 de reserva, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas, e fixando o tempo para a súa realización en 45 minutos.

**Segundo.-** En data 12/01/2026 publicáronse os resultados deste exercicio outorgando un prazo de tres días hábiles para a presentación de reclamacións. As alegacións presentadas foron resoltas polo órgano de selección en acordo de data 27 de xaneiro de 2026 publicado o 30 de xaneiro de 2026.

**Terceiro.-** En data 2 de febreiro de 2026 dona Noelia Manzano Herrero interpón no rexistro electrónico do Concello (documentos 260025436 e 260024234) recurso de alzada contra o referido acordo do órgano de selección de 27/01/2026, solicitando que se anule a pregunta 24 e se substitúa pola primeira de reserva, ou subsidiariamente que se manteña como válida a opción a) por ser esta a máis correcta; e, por outra banda, que non se anule a pregunta 26 e se manteña como máis certa a opción a).

**Cuarto.-** Conforme ao disposto no artigo 118.2 da citada Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, en data 20/02/2026 publicouse anuncio sobre a interposición do recurso de alzada concedendo ás persoas interesadas un prazo de 10 días para presentación de alegacións. Dentro do prazo concedido, dona Noelia Manzano solicitou ter acceso ao recurso de alzada presentado por J. Fernández Martínez, acceso notificado mediante notificación electrónica recibida en sede electrónica en data 03/03/2026. Non foron presentadas novas alegacións.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**Primeira.- Sobre o recurso de alzada.** O artigo 121 da Lei 39/2015 regula o recurso de alzada dispoñendo que:

"*1. As resolucións e os actos a que se refire o artigo 112.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser impugnados en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou.*

*Para estes efectos, os tribunais e órganos de selección do persoal ao servizo das administracións públicas e calquera outro que, no seo destas, actúe con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano a que estean adscritos ou, na súa falta, do que fixese o nomeamento do seu presidente.*

*2. O recurso poderase interpor ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

*Se o recurso se interpuxese ante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitilo ao competente no prazo de dez días, co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente.*

*O titular do órgano que ditou o acto impugnado será responsable directo do cumprimento do previsto no parágrafo anterior."*

**Segunda.- Concorrencia dos requisitos de admisión do recurso.** Concorren os requisitos de competencia, lexitimación e prazo, polo que procede admitir a trámite o recurso de alzada interposto.

**Terceira.- Análise das alegacións nas que se basea o recurso.**

3.1.- Alegacións á pregunta 24. A recorrente alega *que a opción c) non sería correcta por referirse a animais "que non serán liberados", cando o enriquecemento ambiental se aplica a todos os animais, e que a opción a) sería máis correcta porque o enriquecemento ambiental facilitaría, de feito, o traballo dos coidadores.*

A redacción da pregunta é a seguinte:

*"Por que é importante o Enriquecemento Ambiental?:*

*a) Facilita o traballo dos coidadores.*

*b) Non promove comportamentos propios da especie.*

*c) Axuda a preparar, mental e fisicamente, os animais que non serán liberados.*

*d) Se se executa correctamente, só serve como ferramenta de conservación"*

O órgano de selección en sesión de 27/01/2026 acordou que era errónea a resposta sinalada como valida na plantilla de respostas publicada o 12/01/2026 para a pregunta 24 (opción a)), acordando corrixir este erro indicando que a opción de resposta correcta para esta pregunta é a opción c). Motívase esta corrección en que segundo os estándares manexados, o enriquecemento ambiental é unha ferramenta de xestión do benestar destinada a manter os animais activos e sans, física e mentalmente, durante a súa permanencia na institución, engadindo ademais que as fontes non mencionan que o enriquecemento se deseñe para facilitar o traballo do persoal.

Ese xuízo técnico non queda desvirtuado polas alegacións realizadas no recurso. En efecto, boa parte da propia bibliografía invocada pola recorrente insiste en que o enriquecemento ambiental promove a saúde mental e física dos animais, favorece comportamentos normais, reduce comportamentos anormais e mellora a súa capacidade de adaptación ao contorno e ao adestramento. É dicir, o núcleo material da importancia do enriquecemento sitúase no benestar animal e non na comodidade operativa do coidador. Que de maneira indirecta ou mediata poida reportar vantaxes no manexo non converte esa consecuencia accesoria na razón principal pola que o enriquecemento ambiental é importante.

O propio recurso, ao afirmar reiteradamente que un animal equilibrado física e mentalmente resulta "máis doado" de manexar, non fai senón describir un efecto derivado do enriquecemento, pero non a súa finalidade esencial. Dito doutro modo: unha consecuencia práctica favorable para o coidador non equivale, sen máis, á resposta máis correcta a unha pregunta



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 14:50 | Páxina 55 de 98 |
|---|---|---|
| 2071-1102 Aprobado por XGL 24/04/2026 | CSV: A9B1A2-DDD1D6-534DD2-W9UJ6H-USVGPW-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

formulada en termos de importancia da técnica. Neste punto, o acordo impugnado está debidamente motivado e resulta coherente coa definición de enriquecemento ambiental.

Tampouco pode acollerse o argumento de que a opción c) deba reputarse incorrecta por incluír a expresión "os animais que non serán liberados". Esa obxección pon de manifesto, en todo caso, que a opción non formula unha definición limitativa de todos os supostos nos que procede o enriquecemento ambiental; pero está claro que o enriquecemento ambiental sí axuda a preparar física e mentalmente aos animais que non serán liberados. Neste tipo de exercicios (test) non se esixe que a resposta elixida esgote todas as variables ou todos os escenarios posibles, senón que sexa a máis axeitada entre as ofrecidas. E, comparativamente, a opción a) non identifica a finalidade principal do enriquecemento ambiental, mentres que as opcións b) e d) son claramente inaceptables pola súa formulación abertamente contraria ao propio concepto de enriquecemento.

3.2.- Alegacións á pregunta 26. A recorrente *sostén que o formulamento da pregunta sería válido se se parte dun "morteiro ideal" e de condicións técnicas constantes, solicitando se* manteña como máis certa a opción a).

A redacción da pregunta é a seguinte:

*" Un morteiro será refugado para o seu uso despois de:*

*a) 2 horas do seu amasado.*

*b) 4 horas do seu amasado.*

*c) 1 hora do seu amasado.*

*d) 24 horas do seu amasado."*

O órgano de selección en sesión de 27/01/2026 razoou expresamente que a pregunta non estaba correctamente formulada, posto que os morteiros non teñen unha composición única, nin unhas características homoxéneas, dependendo desas variables prodúcese o seu proceso de fraguado e, por tanto, o tempo a partir do cal procede o seu desbotamento. Precisamente por esa falta de unicidade técnica, acordou anular a pregunta e substituíla pola primeira de reserva.

Fronte a isto, o propio recurso de alzada reforza, en realidade, a corrección do acordo anulatorio. A recorrente recoñece que a estrutura do morteiro, os seus compoñentes, a humidade, a temperatura e outros parámetros técnicos inciden no tempo de fraguado. Pero defende a validez da pregunta recorrendo a unha hipótese de "morteiro ideal" e de condicións de laboratorio constantes. Agora ben, ese presuposto non figura no enunciado da pregunta. Se a corrección da resposta depende de variables técnicas que non aparecen explicitadas no exame, non existe unha única solución inequívoca derivable do tenor literal da pregunta, e precisamente por iso procede a anulación da pregunta.

3.3.- En mérito da motivación que antecede, procede desestimar o recurso de alzada interposto.

**Cuarto.- Competencia.** Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución do presente recurso de alzada.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.-** Desestimar o recurso de alzada interposto por dona Noelia Manzano Herrero (***8318**) contra o acordo do órgano de selección do 27 de xaneiro de 2026 que resolveu as alegacións interpostas ao cuestionario tipo test e o resultado do primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión de catro prazas de oficial coidador, mantemento, vixilancia e control Vigozoo incluídas na 2ª fase da OEP dos anos 2020, 2021 e 2022, en base ás consideracións xurídicas expostas.

**Segundo.-** Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións dispostos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(294).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS DE SETE CONDUTORES/AS BOMBEIROS/AS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS: OFERTA EMPREGO PÚBLICO 2020-2021-2022. EXPTE. 48471/220.**

Visto o informe de fiscalización do 14/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 13/04/2026, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**Antecedentes**:

**I.-** O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade sete prazas de Condutor/a Bombeiro/a de extinción de incendios en réxime funcionarial e incluídas no subgrupo C2 de titulación, acceso libre, vacantes no Cadro de Persoal Municipal e incluídas nas Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2020-2021-2022 (BOP nº 169 30/08/2024), na súa sesión de 2/03/2026, acordou:

*“**PRIMEIRO.-** Propoñer o nomeamento como funcionarios en prácticas con cargo ás sete (7) prazas vacantes de CONDUTOR/A BOMBEIRO/A, enmarcadas no Subgrupo C2 de titulación; escala de administración especial; subescala de servizos especiais; clase extinción de incendios, que figuran incluídas nas Ofertas de Emprego Público 2020, 2021 e 2022 (1ª fase da convocatoria) do Concello de Vigo aos aspirantes que a continuación se relacionan, por ser os que acadaron a maior puntuación no proceso selectivo:*

| ***APELIDOS*** | ***NOME*** | ***NIF*** | ***PUNTUACIÓN TOTAL*** |
|---|---|---|---|
| *RODRIGUEZ RIAL* | *B.* | ****1830*** | ***9,50*** |
| *MILLAN GARCIA* | *E.* | ****8890*** | ***9,08*** |

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| APELIDOS | NOME | NIF | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|
| MOLEDO GONZALEZ | R. | ***3076** | **8,83** |
| BARCIELA CORUGEIRA | D. | ***0122** | **8,74** |
| CORBACHO RODRIGUEZ | A. | ***8476** | **8,64** |
| RODRIGUEZ ALVAREZ | R.M. | ***4726** | **8,57** |
| FERNANDEZ MATEO | P. | ***3238** | **8,49** |

***SEGUNDO.-*** *De conformidade coa Base 8.4.6 das Xerais realízase una relación complementaria de aspirantes que seguen aos propostos, para o seu posible nomeamento como funcionarios/as en prácticas cando se produzan os supostos previstos legalmente.*

| APELIDOS | NOME | NIF | PUNTUACION TOTAL |
|---|---|---|---|
| CARBALLO CAMIÑO | A. | ***0496** | **8,40** |
| VELASCO FERREIROS | H. | ***6189** | **8,37** |
| TAIBO CASTRO | M. | ***4748** | **8,30** |
| LAGO BARCIELA | M. | ***4547** | **8,18** |
| ALVAREZ MUÑIZ | L. | ***7443** | **8,10** |
| LORENZO BOULLOSA | Y. | ***9606** | **8,09** |
| FERNANDEZ COSTAS | D. | ***9612** | **8,01** |
| FERRAZ CASTIÑEIRAS | R. | ***9485** | **7,98** |
| ALVAREZ FERNANDEZ | A. | ***5306** | **7,90** |
| FALQUE CRESPO | M. | ***9981** | **7,77** |
| ALVAREZ SOUTO | D. | ***8783** | **7,74** |
| POSADA CONDE | J.A. | ***6970** | **7,59** |
| COMESAÑA MARTINEZ | B. | ***8974** | **7,54** |
| COMESAÑA LAGO | B. | ***7311** | **7,49** |
| MELON LEIRO | M.A. | ***6028** | **7,42** |
| LORENZO RODRIGUEZ | J.M. | ***6877** | **7,36** |
| REGUEIRA MARTINEZ | P. | ***8437** | **7,16** |
| LOPEZ PAZ | G. | ***5319** | **7,03** |
| SENDIN LAMA | A. | ***6534** | **6,84** |
| SEIJAS RODRÍGUEZ | M. | ***8023** | **6,56** |
| BASTON OTERO | N. | ***1984** | **6,45** |
| LISTE RECAREY | J.D. | ***3823** | **6,36** |
| SANCHEZ SANCHEZ | A. | ***0303** | **6,00** |

***TERCEIRO.-*** *Así os sete (7) aspirantes deberán achegar no prazo de 20 días naturais dende a publicación deste anuncio a documentación esixida nas bases para ser nomeados con cargo ás sete (7) prazas vacantes de CONDUTOR/A BOMBEIRO/A, enmarcadas no subgrupo C2 de titulación; escala de administración especial, subescala de servizos especiais, clase de extinción de incendios; categoría condutor/a bombeiro/a, que figuran incluídas nas Ofertas de Emprego Público 2020, 2021 e 2022 (1ª fase da convocatoria) do Concello de Vigo.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

*Deberán superar un curso selectivo aprobado pola Xunta de Goberno Local, de contido teórico-práctico cun mínimo de 253 horas lectivas sobre as materias e demais esixencias propias dos citados postos (Base específica IX)*
*...”*

**II.-** O anuncio correspondente foi publicado no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo o día 4/03/2026.

**III.-** Teñen presentado renuncia ao nomeamento como funcionario en prácticas na praza de condutor bombeiro/a os/as aspirantes propostos/as para o nomeamento polos órganos encargados de xulgar os procesos selectivos para a provisión de 7 prazas de condutor/a bombeiro/a incluídas na OEP 2020-21-22 :

| APELIDOS | NOME | NIF | DOCUMENTO NÚM. |
|---|---|---|---|
| MILLAN GARCIA | E. | ***8890** | 260067006 |
| MOLEDO GONZALEZ | R. | ***3076** | 260068637 |

Á vista da listaxe complementaria proposta polo órgano de selección, procedeuse a requirir aos candidatos que se indican a presentación da documentación requirida polas bases da convocatoria para o nomeamento como funcionario/a en prácticas:

| APELIDOS | NOME | NIF |
|---|---|---|
| CARBALLO CAMIÑO | A. | ***0496** |
| VELASCO FERREIROS | H. | ***6189** |

Asemade, ten presentado renuncia a persoa candidata incluída na listaxe complementaria proposta polo órgano de selección:

| APELIDOS | NOME | NIF | DOCUMENTO NÚM. |
|---|---|---|---|
| CARBALLO CAMIÑO | A. | ***0496** | 260074811 |

A vista do que antecede, reqiriuse a documentación exixida polas bases da convocatoria ao seguinte candidato segundo a listaxe complementaria aprobada polo órgano de selección:

| APELIDOS | NOME | NIF |
|---|---|---|
| TAIBO CASTRO | M. | ***4748** |

**IV.-** Segundo consta nas dilixencias de constancia de datas 18/03/2026, 8/04/2026, e 10/04/2026 incorporadas ao expediente os aspirantes propostos presentaron no devandito prazo a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases”

**V.-** Revisados os datos na aplicación de Ginpix7, salvo erro ou omisión, constan en data actual 10 vacantes do posto 133- CONDUTOR/A BOMBEIRO/A.

Asemade, figuran os/as seguintes funcionarios/as interinos con cargo a prazas de Bombeiro ou Condutor Bombeiro incluídas nas OEP 2020-2021-2022,

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| codipues | nombre_puesto | codi_ofi1 | desc_ofi1 | codiempl | nombre_empleado | OEP |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 132 | BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 85114 | ALVAREZ MUÑIZ, L. | 2022 |
| 132 | BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84802 | BARCIELA CORUGEIRA, D. | 2020 |
| 132 | BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 85113 | BASTON OTERO, N. | 2022 |
| 132 | BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84796 | CARBALLO CAMIÑO, A. | 2021 |
| 132 | BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84947 | CORBACHO RODRIGUEZ, A. | 2021 |
| 132 | BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84803 | COUSO MOLANES, A. | 2020 |
| 132 | BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84946 | FERNANDEZ COSTAS, D. | 2021 |
| 132 | BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84950 | MAQUIEIRA FERNANDEZ, A. | 2021 |
| 132 | BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84948 | PELETEIRO REY, A. | 2021 |
| 132 | BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84956 | RODRIGUEZ ALVAREZ, R. M. | 2022 |
| 132 | BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84801 | SANCHEZ SANCHEZ, A. | 2020 |
| 133 | CONDUCTOR/A BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84791 | COMESAÑA MARTINEZ, B. | 2020 |
| 133 | CONDUCTOR/A BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84790 | LAGO BARCIELA, M. | 2020 |
| 133 | CONDUCTOR/A BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84789 | RODRIGUEZ RIAL, B. | 2021 |

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**I.- Normativa de aplicación.-** -Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
  "*1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

*correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que*“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

**II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de en prácticas en atención ao marco normativo vixente.**

De conformidade co previsto na Base IX das específicas, en relación coa base décimo quinta das xerais, as persoas aspirantes aprobadas unha vez aportada toda a documentación esixida nestas, serán nomeados funcionarios en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C2 de titulación, e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas), debendo superar un curso teórico-práctico de 253 horas lectivas de duración, antes do seu nomeamento definitivo como funcionario/a de carreira.

**III.- Observacións respecto da xornada e horario.**
En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instruccións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

**IV.- .- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

**V. - Órgano municipal competente.**
De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta da Sra. Concelleira da Área de Goberno de Contratación, Seguridade, Festas e Xestión Municipal, segundo as coas competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade coas delegacións competenciais por Decreto da Alcaldía do 28/06/2024, acordo da Xunta de Goberno Local de 7/11/2025, sobre a delegación de competencias en materia de persoal, e previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**"PRIMEIRO:** Aceptar a renuncia ao nomeamento como funcionario en prácticas con cargo ás prazas convocadas de Condutor/a Bombeiro, acceso libre, enmarcadas no subgrupo C2 de titulación, aos aspirantes propostos polo órgano de selección que se indican deseguido:

| APELIDOS | NOME | NIF | DOCUMENTO NÚM. |
|---|---|---|---|
| MILLAN GARCIA | E. | ***8890** | 260067006 |
| MOLEDO GONZALEZ | R. | ***3076** | 260068637 |
| CARBALLO CAMIÑO | A. | ***0496** | 260074811 |

**SEGUNDO:** Cesar como persoal funcionario interino, con cargo ás prazas vacantes de Condutor/a Bombeiro ou Bombeiro/a correspondente ás ofertas de emprego público dos anos 2020-2021-2022, con efectos dende o día anterior da toma de posesión dos nomeados/as como persoal funcionario en prácticas con cargo a ditas prazas, a:

| POSTO | NP | APELIDOS E NOME | OEP |
|---|---|---|---|
| BOMBEIRO/A | 84802 | BARCIELA CORUGEIRA, D. | 2020 |
| BOMBEIRO/A | 84947 | CORBACHO RODRIGUEZ, A. | 2021 |
| BOMBEIRO/A | 84956 | RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, R.M. | 2022 |
| CONDUCTOR/A BOMBEIRO/A | 84791 | COMESAÑA MARTÍNEZ, B. | 2020 |
| CONDUCTOR/A BOMBEIRO/A | 84790 | LAGO BARCIELA, M. | 2020 |
| CONDUCTOR/A BOMBEIRO/A | 84789 | RODRIGUEZ RIAL, B. | 2021 |

**TERCEIRO.-** Nomear **funcionarios en prácticas** con cargo ás prazas convocadas de **Condutor/a Bombeiro/a**, acceso libre, enmarcadas no sugrupo C2 de titulación; escala, administración especial; subescala, servizos especiais; clase, extinción de incendios, categoría, condutor/a bombeiro/a, incluídas nas OEP 2020-2021-2022 (1ª fase), aos seguintes aspirantes propostos polo Órgano de Selección e que se relacionan a continuación:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| APELIDOS | NOME | NIF | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|
| RODRIGUEZ RIAL | B. | ***1830** | **9,50** |
| BARCIELA CORUGEIRA | D. | ***0122** | **8,74** |
| CORBACHO RODRIGUEZ | A. | ***8476** | **8,64** |
| RODRIGUEZ ALVAREZ | R.M. | ***4726** | **8,57** |
| FERNANDEZ MATEO | P. | ***3238** | **8,49** |
| VELASCO FERREIROS | H. | ***6189** | **8,37** |
| TAIBO CASTRO | M. | ***4748** | **8,30** |

**CUARTO**.- Aprobar a lista de reserva de Condutor/a Bombeiro/a, (subgrupo C2) derivada da execución da 1ª fase da OEP 2020-2021-2022, que inclúe as persoas que poidan ser temporalmente nomeadas conforme ao establecido nos criterios de listas de reserva do Concello de Vigo, en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación, e segundo proposta e na orde contida na acta do Órgano de Selección, que forman parte inseparable do citado acordo:

| APELIDOS | NOME | NIF | PUNTUACION TOTAL |
|---|---|---|---|
| LAGO BARCIELA | M. | ***4547** | **8,18** |
| ALVAREZ MUÑIZ | L. | ***7443** | **8,10** |
| LORENZO BOULLOSA | Y. | ***9606** | **8,09** |
| FERNANDEZ COSTAS | D. | ***9612** | **8,01** |
| FERRAZ CASTIÑEIRAS | R. | ***9485** | **7,98** |
| ALVAREZ FERNANDEZ | A. | ***5306** | **7,90** |
| FALQUE CRESPO | M. | ***9981** | **7,77** |
| ALVAREZ SOUTO | D. | ***8783** | **7,74** |
| POSADA CONDE | J.A. | ***6970** | **7,59** |
| COMESAÑA MARTINEZ | B. | ***8974** | **7,54** |
| COMESAÑA LAGO | B. | ***7311** | **7,49** |
| MELON LEIRO | M.A. | ***6028** | **7,42** |
| LORENZO RODRIGUEZ | J.M. | ***6877** | **7,36** |
| REGUEIRA MARTINEZ | P. | ***8437** | **7,16** |
| LOPEZ PAZ | G. | ***5319** | **7,03** |
| SENDIN LAMA | A. | ***6534** | **6,84** |
| SEIJAS RODRÍGUEZ | M. | ***8023** | **6,56** |
| BASTON OTERO | N. | ***1984** | **6,45** |
| LISTE RECAREY | J.D. | ***3823** | **6,36** |
| SANCHEZ SANCHEZ | A. | ***0303** | **6,00** |

**QUINTO.-** De conformidade co previsto na Base IX das específicas, en relación coa base décimo quinta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez aportada a documentación esixida, serán nomeados funcionarios en practicas, percibindo en tanto realizan o correspondente curso selectivo, as retribucións que lles correspondan (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C2 de titulación) e demais previsións contidas no art. 2. do RD.

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

**SEXTO**.- Os/as aspirantes nomeados/as deberán tomar posesión das súas prazas como funcionarios en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios de carreira a que superen o curso selectivo contemplado nas bases específicas da convocatoria, sen prexuízo de que de conformidade co previsto na Base décimo sexta das Xerais, o nomeamento como funcionarios de carreira, unha vez superado o referido curso selectivo, unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión definitiva, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

**SÉTIMO.-** Notificar o presente acordo aos interesados, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, ao Xefe da Área de Mobilidade e Seguridade e Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

**OITAVO**: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(295).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA CON CARGO TRES PRAZAS VACANTES DE DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-2021-2022. EXPTE. 48439/220.**

Visto o informe de fiscalización do 14/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 13/04/2026, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

**I.- I.-** A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2020-2021-2022 (2ª fase da convocatoria (BOPPO 179, de 13 de septiembre de 2024 incluía catro prazas de Diplomado/a en Traballo Social, subgrupo A2, pola quenda libre, unha delas reservada a persoa con diversidade funcional.

**II.-** Segundo a acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de Diplomado/a en Traballo Social, acordou por unanimidade en sesión de data 19/02/2026, someter á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo as seguintes propostas:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

*"1ª.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO:*

*"Propoñer o nomeamento como funcionarios/as de carreira con cargo ás prazas vacantes de DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL, enmarcadas no Grupo A de titulación; Subgrupo A2; Escala de Administración Especial; Subescala técnica, que figuran incluídas na Oferta de Emprego Público OEP 2020-2021-2022 (2ª FASE) ás persoas aspirantes: **Jorge Rial Martínez (***7775**), Laura Alonso Gozález (***8161**) e Begoña Martínez Fernández (*** 3412**)** que superaron todas as probas e obtiveron as cualificacións mais altas de todas as presentadas, obtendo un total de 29,375, 26,475 e 25,387 puntos, respectivamente.*

| *APELIDOS* | *NOME* | *DNI* | *1º EXER C* | *2º EXERC* | *3º EXERC* | *4º EXER C* | *5º EXERC* | *PUNT. TOTAL* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *RIAL MARTÍNEZ* | *J.* | ****7775*** | *9,2* | *8,875* | *7,5* | *1,8* | *2* | *29,375* |
| *ALONSO GONZÁLEZ* | *L.* | ****8161*** | *6,5* | *8,6* | *7,375* | *2* | *2* | *26,475* |
| *MARTÍNEZ FERNÁNDEZ* | *B.* | ****3412*** | *7,3* | *6,95* | *7,137* | *2* | *2* | *25,387* |

***2ª.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE DESERTA DA PRAZA VACANTE (DTS – DIVERSIDADE FUNCIONAL):***

*"Propoñer a declaración de deserta da praza de DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL que figura incluída na Oferta de Emprego Público OEP 2020-2021-2022 (2ª FASE) reservada para persoas con diversidade funcional, por non superar ningunha das presentadas o proceso selectivo".*
**... "**

**III.** A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 24/02/2026.

**IV.-** Consta informe de verificación administrativa de 17/03/2026 segundo o cal as persoas propostas, presentaron en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.
A vista das actuacións prioritarias de cobertura de prazas vacantes e da calendarización da execución da oferta, procédese á tramitación da proposta de nomeamento.
**V.-** Comprobada a aplicación de xestión de persoal, salvo erro ou omisión, consta existencia de 6 prazas vacantes non ocupadas interinamente de Diplomado/a en Traballo Social (posto 81), así como, as seguintes coberturas interinas con cargo a prazas incluídas nas OEP 2020-2021-2022:

| codi-pues | nombre_puesto | codi_ofi1 | desc_ofi1 | codiempl | nombre_empleado | OEP |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 81 | DIPLOMADO/A TRABALLOS SOCIAIS | 301 | BENESTAR SOCIAL | 84618 | ALONSO GONZALEZ, L. | 2021 |
| 81 | DIPLOMADO/A TRABALLOS SOCIAIS | 301 | BENESTAR SOCIAL | 78717 | MALVIDO RODRIGUEZ, M. A. | 2022 |
| 81 | DIPLOMADO/A TRABALLOS SOCIAIS | 301 | BENESTAR SOCIAL | 84463 | SAAVEDRA COTILLA, X. | 2020 |

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Toda vez que existen prazas vacantes cubertas interinamente, segundo os acordos da Xunta de Goberno Local, deberá procederse ao seu cese con data de efectos do día anterior á toma de posesión como funcionarios/as de carreira das persoas nomeadas con cargo á ditas prazas.
Presentado recurso de alzada contra a proposta formulada polo órgano de selección para a aprobación de lista de substitucións aos efectos de nomeamento ou contratación como persoal interino ou laboral, a proposta de aprobación da devandita listaxe se elevará á Xunta de Goberno Local unha vez que órgano selectivo emita proposta de resolución do recurso interposto.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**I.- Normativa de aplicación.-** -Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
  "*1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.*"
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que*"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

> "*FD CUARTO.- (….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (…....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autónomica sobre función pública.*" A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

> *"......según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (……...) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."*

**II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.**
O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *"son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente"*, establecendo que *"en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca."*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:
*"1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:*

> *a) Superación del proceso selectivo.*
> *b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.*
> *c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.*
> *d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.*

*2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria."*
Os prazos establecidos para a toma de posesión contémplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluidas na Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.
Neste caso procede o nomeamento como funcionarios/as de carreira, na praza de Diplomado/a en Traballo Social, con cargo ás prazas vacantes pola quenda libre enmarcadas no subgrupo A2; incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020-2021-2022, fase 2 de Concello de Vigo, a:

| APELIDOS | NOME | DNI |
|---|---|---|
| RIAL MARTÍNEZ | J. | ***7775** |

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| APELIDOS | NOME | DNI |
|---|---|---|
| ALONSO GONZÁLEZ | L. | ***8161** |
| MARTÍNEZ FERNÁNDEZ | B. | ***3412** |

**III- Análise sobre as prazas de reservadas a persoas con discapacidade**

Tal e como se expuxo nos antecedentes, e segundo consta na proposta realizada polo órgano de selección na acta de data 19/02/2026 non foi cuberta a praza que estaba reservada para persoas con diversidade funcional, polo que procede declarar a devandita praza deserta.

No Real Decreto 2271/2004, de 3 de dicembre, polo que se regula o acceso ao empleo público e a provisión de postos de traballo con persoal con discapacidade, dentro do seu Capítulo II recóllense as seguintes posibilidades de convocatoria:

-Convocatorias ordinarias con reserva de prazas para persoas con discapacidade (artigo 3).

-Convocatorias en quenda independiente para persoas con discapacidade (artigo 4).

-Reserva de prazas en promoción interna (artigo 5).

-Reserva de prazas nas convocatorias de personal temporal (artigo 6).

No presente procedemento estaríamos dentro do suposto do artigo 3, "convocatorias ordinarias de prazas con discapacidade". E dentro do parágrafo segundo do apartado 2 do citado artigo recóllese que:

*"Si las plazas reservadas y que han sido cubiertas por las personas con discapacidad no alcanzaran la tasa del tres por ciento de las plazas convocadas, las plazas no cubiertas se acumularán al cupo del cinco por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del 10 por ciento."*

Pola súa parte, o artigo 48.2 da Lei de emprego público de Galicia, dispón ao respecto que:

*"Si las plazas reservadas y que fueron cubiertas por las personas con discapacidad no alcanzasen el porcentaje del tres por ciento de las plazas convocadas en la correspondiente oferta de empleo público, las plazas no cubiertas del número total de las reservadas se acumularán al porcentaje del siete por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del doce por ciento".*

É dicir, segundo o establecido pola normativa analizada en este caso, cando quede algunha praza reservada vacante, procederá a súa acumulación á seguinte oferta de emprego sempre que se cumplan as porcentaxes establecidas.

Mentras que nos outros supostos citados, como a reserva de prazas en promoción interna do artigo 5 ou das convocatorias do persoal temporal do artigo 6, se establece que as prazas reservadas que queden desertas acumularanse, según o suposto, ben ás da quenda ordinaria da promoción interna ou acumulación a quenda libre nas convocatorias do persoal temporal, no suposto do artigo 3, que é o que actualmente nos atañe, esta previsión non se recolle, existindo como única alternativa a acumulación da seguinte oferta de emprego sempre que se cumpran os requisitos establecidos.

Procede pois declarar deserta a praza reservada a persoas con diversidade funcional intelectual, dando traslado ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación para o estudio e valoración sobre a posibilidade de acumulación á próxima oferta de emprego público.

**IV.- Observacións respecto da xornada e horario.**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas me-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

diante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

**V.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais;

**VII. - Órgano municipal competente.**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolución da Excma. Alcaldía de 26/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 7/11/2025

En base ao exposto, elévase ao órgano municipal competente a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.**- Cesar como persoal funcionario interino, con cargo ás prazas vacantes de Diplomado/a en Traballo Social, correspondente ás ofertas de emprego público dos anos 2020-2021-2022**,** con efectos dende o día anterior da toma de posesión dos nomeados/as como persoal funcionario de carreira con cargo a ditas prazas, a:

| APELIDOS E NOME | NOME | DNI | NÚMERO PERSOAL | OEP |
|---|---|---|---|---|
| ALONSO GONZALEZ | L. | ***8161** | 84618 | 2021 |
| MALVIDO RODRIGUEZ | M.A. | ***3957** | 78717 | 2022 |
| SAAVEDRA COTILLA | X. | ***6029** | 84463 | 2020 |

**SEGUNDO.-** Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo ás prazas vacantes ofertadas na Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022 (BOPPO 13 de septiembre de 2024, núm. 179) de Diplomado/a en Traballo Social, enmarcadas no Grupo A de titulación; Subgrupo A2; Escala de Admón. especial; Subescala técnica, as aspirantes que superaron o proceso selectivo e acadaron as máximas puntuacións:

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

| APELIDOS | NOME | DNI | PUNT. TOTAL |
|---|---|---|---|
| RIAL MARTÍNEZ | J. | ***7775** | 29,375 |
| ALONSO GONZÁLEZ | L. | ***8161** | 26,475 |
| MARTÍNEZ FERNÁNDEZ | B. | ***3412** | 25,387 |

**TERCEIRO.-** Declarar deserta unha praza vacante de Diplomado/a en Traballo Social ofertada na OEP 2020-2021-2022 (BOPPO 13 de septiembre de 2024, núm. 179), pola quenda libre, reservada para persoas con diversidade funcional, ao non superar ningunha das aspirantes presentadas as probas na devandita quenda.

-Dar traslado ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación para o estudio e valoración sobre a posibilidade de acumular a citada praza á seguinte oferta pública de emprego, de conformidade co exposto nos fundamentos xurídicos dos presente acordo.

**CUARTO.-** Dispoñer que as persoas nomeadas deberán tomar posesión como funcionarios/as de carreira na devandita praza no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

**QUINTO.-** Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente."

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(296).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO "RENOVACIÓN DOS VESTIARIOS E INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE A BOUZA-COIA". EXPTE. 6961/443.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/04/2026, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

**I.-** O concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 30.07.2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

resolveu autorizar o contrato menor e o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor do arquitecto Ángel Santorio Cuartero.

**II.-** O dito arquitecto presenta trala fase de supervisión do borrador presentado, documento de proxecto de
"RENOVACIÓN DOS VESTIARIOS E INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE A BOUZA-COIA" cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CATROCENTOS CORENTA E SEIS MIL SETECENTOS SESENTA E CATRO EUROS con SEIS CÉNTIMOS (1.446.764,06 €).

**III.-** O xefe do Servizo de Deportes e o xefe da Área de Servizos Xerais o día 18.02.2026 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do encargo, polo que o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o día 20.02.2026 resolve iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

**IV.-** O proxecto recolle as actuacións necesarias para a renovación dos vestiarios e instalacións do campo de fútbol de A Bouza-Coia, mediante a implantación de vestiarios modular de formigón de execución in situ segundo modelo tipo do Concello de Vigo. O campo de fútbol de A Bouza emprázase na rúa Nigrán nº9, Coia, no Concello de Vigo. A parcela en cuestión engloba o parque de A Bouza, o campo de fútbol, as instalacións deportivas e a pista de petanca.

As actuacións a levar a cabo son:

Actuacións previas:

- Demolición total das construcións existentes ligadas ao campo de fútbol de A Bouza (vestiarios, locais, instalacións, cantina) e as pistas de petanca (local do club de petanca e gradas asociadas).
- Demolición dos pavimentos afectados necesarios para levar a cabo a proposta.
- Escavación para poder executar a cimentación das edificacións modulares tipo do Concello de Vigo.
- Escavación de gabias para instalacións.
- Desprazamento de 1,20 m das pistas de petanca cara o sur para posibilitar a nova ordenación das edificacións de nova execución.

Actuacións propostas:

- Nova rede de abastecemento, saneamento (pluviais e residuais), electricidade, alumeado e telecomunicacións.

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

- Execución das cimentacións precisas para o apoio das edificacións modulares tipo do Concello de Vigo.
- Colocación das edificacións modulares e conexión das instalacións coas redes exteriores.
- Proxectase a mellora do entorno inmediato dos vestiarios e instalacións, con relación ás infraestruturas (redes de servizos), pavimentación, axardinamento e mobiliario.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (CINCO) 5 meses.

**V.-** A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite o día 13.04.2026 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*"(...)*
*É de aplicación o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo (Aprobación Definitiva 26/05/2025. Publicación en el DOG el 30/06/2025. Publicación en el BOPPO el 4/08/2025. Entrada en vigor 27/08/2025).*

*A parcela localizase sobre Solo clasificado como Urbano Consolidado, calificado como Equipamento, SX-EQ-DE-331 EX. Ordenanza U10. Dotacional-Equipamentos. As actuacións pretendidas son compatibles co ordenamento urbanístico vixente na zona.*

*Tendo en consideración que aínda que as obras propostas atópanse dentro da zona de servidume aeronáutica, Aeroporto de Vigo (RD 584/1972 e o RD 2278/1986 polo que se establecen as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Vigo), as devanditas en ningún momento nin en ningún caso a maquinaria ou elementos auxiliares necesarios durante a execución da obra presentan unha altura superior a xa existente de luminarias e demais elementos que conforman o perfil da zona, en consecuencia, entendese que non é preciso o requirimento da autorización, por non elevar o perfil existente no seu entorno.*

*Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe."*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

**CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

**I.**- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.**- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

**IV**.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que "*non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)*"

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

**ACORDO**

Aprobar o proxecto de "RENOVACIÓN DOS VESTIARIOS E INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE A BOUZA-COIA", redactado polo arquitecto Ángel J. Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CATROCENTOS CORENTA E SEIS MIL SETECENTOS SESENTA E CATRO EUROS con SEIS CÉNTIMOS (1.446.764,06 €) e asinado dixitalmente o día 8 de abril de 2026.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(297).- PROXECTO DE CONVENIO DOA ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL DE LAVADORES PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL "ESPACIO DE OCIO DE LAVADORES 2026". EXPTE. 10325/336.**

Visto o informe xurídico do 24/02/2026 e o informe de fiscalización do 08/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 11/02/2026, asinado pola técnica medio de actividades culturais e educativas e conformado pola concelleira delegada de Xuventude, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre" .

O obxecto do presente Convenio é formalizar, para os efectos previstos no artigo 22.2.a) de a Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, a concesión directa por parte do Concello de Vigo á **ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES** dunha subvención nominativa consistente nunha axuda económica para o desenvolvemento das actividades de dinamización infantil e xuvenil para nenos e nenas de educación primaria (6 a 12 anos) e a realización de actividades lúdicas en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.O presente convenio está relacionado coa ocupación do tempo libre de nenos e nenas do municipio, polo que a Administración Local en base á citada lei, ten competencias propias para tal fin.

Dende a Concellería de Xuventude prantexamos a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e o Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil dende o **15 de novembro de 2025 ao 13 de novembro de 2025**.

O Asociación Veciñal,Cultural e Deportiva de Lavadores vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 2001 na realización de actividades.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

O obxecto do presente convenio é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Este programa será levado a cabo nas instalacións da asociación, axeitadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellaría de Xuventude, decide apoiar a realización destas actividades.

Que o Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores é a única entidade que desenvolveu en Lavadores este programa de dinamización infantil e xuvenil dun xeito continuado dende o ano 2001, contando Cun espazo axeitado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese publico e zonal, figurando no orzamento do presente ano unha partida nominativa específica 3370.489.00.02 cunha dotación de 28.000,00 €, destinada a tal fin.

Que a presente subvención intégrase dentro do Plan Estratéxico de Suvencións para o periodo 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local de 8 de marzo e rectificado polo acordo de 15 de marzo e contribúe aos obxectivos do devandito Plan. Tales obxectivos, son a mellora das condicións de vida de todas as persoas que residen na cidade e, polo tanto, da infancia, da mocidade, dos estudantes, dos maiores, dos xubilados, das persoas en situación de necesidade ou de exclusión social, das persoas vítimas de violencia de xénero, das persoas que emprenden unha actividade económica ou que precisan axudas para acadar un emprego, das asociacións, dos clubs deportivos e, en xeral, da cidadanía viguesa e, polo tanto, da cidade de Vigo.

Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai dezaseis anos, cos seguintes horarios: de luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:00 e 20:00 hs. En xuño, a partir das vacacións escolares e en xullo, o horario será de 09:30 a 13:30 h, excepto o mes de agosto que non se prestará o servizo.

A asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores destinará á actividade un mínimo de dúas persoas que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes , estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Monitor/a de Tempo Libre e un/ unha deles/as con formación en Grao nalgunha das áreas sociais.

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

Por todo elo proponse a necesidade da sinatura dun convenio de colaboración para a xestión do programa de dinamización infantil e xuvenil en Lavadores dende o **15 de novembro de 2025 ao 13 de novembro de 2026**. Esta subvención cun importe de 28.000,00 € establécese a través dun convenio coa Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores.

A normativa aplicable está de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do estado o das corporacións locais, sen perxuizo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora.

Cómpre subliñar que dita entidade é unha das tres coas que a Concellería de Xuventude asinará convenios para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil na cidade de Vigo.

<u>PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL .</u>

***REUNIDOS***

*Dunha parte, dona **ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA** na súa calidade de **CONCELLEIRA DA ÁREA DE GOBERNO DE EMPREGO, PATRIMONIO, TECNOLOXÍA E RELACIÓN COAS EMPRESAS, TURISMO E XUVENTUDE DO CONCELLO DE VIGO**, na representación legal do mesmo, en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 que aproba o texto consolidado de competencias da XGL nos concelleiros/as delegados/as de área e nos demais delegados/as de competencias; con enderezo na Praza do Rei, nº 1, CP 36202, no exercicio das facultades e demáis funcións que lle foron concedidas por razón do seu cargo.*

*Doutra, **D. MANUEL COSTAS RODRÍGUEZ,** con DNI: ***2524**, en calidade de presidente da **ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES** (en adiante A ASOCIACIÓN), con CIF: G36633618 e enderezo social na Rúa Ramón Nieto, nº 302, Vigo, en representación da mesma, segundo resulta da documentación que figura no expediente 10325-336.*

*Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio.*

***MANIFESTAN***

***I.-** Que a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores é unha asociación sen ánimo de lucro que ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos/as veciños e veciñas en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia de Lavadores un lugar digno onde vivir e convivir.*

*Estes obxectivos concordan co desenvolvemento do programa de dinamización infantil e xuvenil que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

*rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.*

***II.-** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2. l) e m) dá Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora dás Bases do Réxime Local, e co artigo 80 dá lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, nas materias de promoción do deporte, da cultura e na da ocupación de tempo libre.*

***III.-** Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.*

*Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a través do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a ASOCIACIÓN, referida ao desenvolvemento da actividade de dinamización infantil e xuvenil, polo que considerase conveniente a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, "a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público".*

***IV.-** Por todo elo, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.02, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 28.000 euros, a favor da ASOCIACIÓN.*

***V.-** Que a ASOCIACIÓN non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado a estes efectos.*

***VI.-** A presente subvención intégrase dentro do Plan Estratéxico de Suvencións para o periodo 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local de 8 de marzo e rectificado polo acordo de 15 de marzo e contribúe aos obxectivos do devandito Plan. Tales obxectivos, son a mellora das condicións de vida de todas as persoas que residen na cidade e, polo tanto, da infancia, da mocidade, dos estudantes, dos maiores, dos xubilados, das persoas en situación de necesidade ou de exclusión social, das persoas vítimas de violencia de xénero, das persoas que emprenden unha actividade económica ou que precisan axudas para acadar un emprego, das asociacións, dos clubs deportivos e, en xeral, da cidadanía viguesa e, polo tanto, da cidade de Vigo.*

***VII.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia o convenio será o*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 14:50 | Páxina 77 de 98 |
|---|---|---|
| 2071-1102 Aprobado por XGL 24/04/2026 | CSV: A9B1A2-DDD1D6-534DD2-W9UJ6H-USVGPW-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*instrumento xurídico habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, con arranxo as seguintes,*

## *CLÁUSULAS*

### *PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO*

*O obxecto do presente Convenio é formalizar, para os efectos previstos no artigo 22.2.a) de a Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, a concesión directa por parte do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN dunha subvención nominativa consistente nunha axuda económica para o desenvolvemento das actividades de dinamización infantil e xuvenil para nenos e nenas de educación primaria (6 a 12 anos) e a realización de actividades lúdicas en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.*

### *SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES*

*A* **ASOCIACIÓN** *comprométese a desenvolver as funcións e accións previstas neste convenio e, concretamente, a:*

*1.- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.*

*2.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable e gratuíto, para rapaces e rapazas de educación primaria,con idades comprendidas entre os 6 e 12 anos, no inmoble denominado Villa Galicia, na rúa Ramón Nieto núm. 302, de acordo co programa presentado, de luns a venres en horario 16:00 e 20:00 horas agás nas vacacións de verán que será de 9:30 a 13:30 horas.*

*3.- Destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes, estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade.*

*3.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social das nenas e nenos destinatarios a través do xogo e de actividades lúdicas.*

*4.- Favorecer a participación e a integración social das persoas destinatarias, así coma das súas familias.*

*5.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

*6.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.*

*7.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.*

*8.- Fomentar a educación en igualdade de oportunidades entre nenas e nenos así como promover a coeducación para previr a violencia de xénero.*

*Pola súa banda**,** o **CONCELLO DE VIGO**, a través da Concellería de Xuventude, comprométese a:*

*1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades de dinamización infantil a través da supervisión das mesmas polo persoal técnico do Servizo de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.*

*2º.- Conceder directamente á ASOCIACIÓN unha subvención por importe de 28.000 €, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da actividade de dinamización infantil no ano **2026**.*

***TERCEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO***

*O presente convenio enténdese vixente e sorte efectos **desde o 15 de novembro de 2025 ao 13 de novembro de 2026,** polo que ten efectos retroactivos a dita data desde o día da súa firma.*

*O presente convenio non será prorrogable.*

***CUARTA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO***

*A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 39.162,19 (Trinta e nove mil cento sesenta e dous euros con dezanove céntimos).*

*O Concello de Vigo financiará os gastos que se deriven do presente convenio de colaboración coa*
*cantidade de **28.000,00 € (vinte e oito mil euros).***

*Este financiamento realizarase con cargo á aplicación presupostaria 3370.489.00.02 Subvención espazo de ocio infantil de Lavadores o vixente presuposto municipal.*

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

***QUINTA.- RECURSOS HUMANOS E INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL***

*A ASOCIACIÓN deberá destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes, estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Monitor/a de Tempo Libre e un/ unha deles/as con formación en Grao nalgunha das áreas sociais.*

*De conformidade co esixido no artigo 13.5 de a Lei Orgánica 1/1996 de Protección Xurídica do Menor, modificado por a lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, non poderán adscribirse á execución das actividades obxecto deste convenio os profesionais que fosen condenados por sentenza firme por delitos contra a liberdade e indemnidad sexual.*

*A tales efectos, estarase ao disposto en artigo 9 do Real Decreto 1110/2015, do 11 de decembro (BOE non 312 do 30 de decembro), polo que se regula o Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.*

*A documentación da acreditación destes antecedentes penais deberán ser entregados ao Concello antes de que os traballadores teñan contacto cos/as menores.*

*A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria ó Concello de Vigo. A ASOCIACIÓN será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.*

***SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA***

*O prazo de xustificación **finalizará o 13 de novembro de 2026.** Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan (Art. 70 do RD 887/2006).*

*En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a ASOCIACIÓN está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.*

*Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención
e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identifica-*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

*ción admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org e incluirá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.*

*A beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.*

*A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, e conterá con carácter xeral a seguinte documentación:*

*a)* ***Memoria de actuación*** *xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
*b)* ***Memoria económica*** *xustificativa do custe das actividades realizadas, que incorporará:*

- *Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- *Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*
- *Facturas electrónicas e/ou copias dixitadas compulsadas das facturas en papel.*
- *As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención de dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*
- *De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondas ás actividades subvencionadas.*

***SÉTIMA.- DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE***

*A ASOCIACIÓN debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade do Servizo de Xuventude.*

*O nome e anagrama do Concello de Vigo figurará, de forma visible, en todas as actividades que se realicen en execución do presente Convenio, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión. Ao mesmo tempo, na difusión e publicidade que se faga en calquera das actividades levadas a cabo no marco deste convenio, destacarase en lugar preeminente a colaboración económica deste Concello.*

*A información sobre as actividades especialmente en carteis e programas estará integramente en idioma galego.*

***OITAVA.- PAGO DA SUBVENCIÓN***

*O pago da subvención realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria.*

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

*Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que se trata dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, o pago dos gastos derivados do presente convenio realizarase en dous prazos, cada un por importe do cincuenta por cento (50%) da cantidade consignada na aplicación presupostaria 3370.489.00.02.*

- *A primeira das entregas efectuarase a firma do presente convenio por importe de catorce mil euros (14.000 €).*
- *O 50% restante por importe catorce mil euros (14.000 €), abonarase á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento.*

*Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen réxime de garantías dos fondos entregados.*

*Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a Asociación beneficiaria presente previamente unha declaración responsable de non estar incursa en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.*

*Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

***NOVENA.- SUBCONTRATACIÓN***

*A entidade beneficiaria da subvención poderá subcontratar ata un porcentaxe do 75 por 100 do importe da actividade subvencionada cos límites e obrigacións establecidos no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.*

*Non poderán ser subcontratista as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei*

***DÉCIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES***

*Conforme á Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) no seu art. 31.1 consideraranse gastos a subvencionar os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o **15 de novembro de 2025 e o 16 de novembro de 2026.** O IVE soportado, que deberá constar desgalgado, será a subvencionar cando o beneficiario non poida deducilo, recuperalo ou compensalo.*

*Serán gastos directos a subvencionar os que figuran a continuación:*

*a) As retribucións do persoal directamente vinculado ao desenvolvemento das actividades establecido na cláusula quinta do presente convenio.*

*b) A contratación dos servizos necesarios para a realización das actividades de dinamización e o resto de actividades subvencionadas.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

*c) Os seguros de accidentes e de responsabilidade civil que cubran estas continxencias para os nenos e nenas e persoas participantes nas actividades*

*d) Os gastos de comunicación, publicidade e difusión das actividades.*

*En relación cos **gastos indirectos** ou gasto xerais da Asociación (alugueres, enerxía eléctrica, auga, calefacción, teléfono, Internet, e outros gastos como material de oficina e limpeza), imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que estean relacionados de maneira indubitada e se realicen no período no que se desenvolva a actividade.*

*Os gastos indirectos non poden superar o 10% do presuposto que presenta a Asociación para o desenvolvemento das actividades.*

*Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos sendo subvencionable solo en caso que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.*

*Os gastos que se subvencionan neste Convenio corresponderán a gastos correntes non admitíndose os gastos de investimento en bens de equipos.*

*Cando o importe do gasto a subvencionar supere as contías establecidas na Lexislación de contratos para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, salvo que non exista mercado para ditas contratacións.*

*Non serán admisibles xustificacións de gastos realizados para o cumprimento de fins distintos dos do proxecto subvencionado, e só admitiranse as xustificacións de gastos realizados dentro do prazo de execución establecido no parágrafo primeiro.*

*En virtude do art. 33 da LXS, o Concello de Vigo, poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionados empregando un ou varios dos medios taxados no referido artigo.*

*De conformidade co art. 30.4 da citada lei, cando as actividades fosen financiadas, ademais de con a subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*

***DÉCIMO PRIMEIRA.- OBRIGACIÓNS DO BENEFICIARIO.***

*A ASOCIACIÓN, comprométese ao cumprimento das obrigacións establecidas no art. 14 da Lei Xeral de Subvencións e das que a continuación se describen:*

1. *Realizar as actividades para a que se concede a subvención, axustándose aos termos do presente Convenio.*

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

2. *Presentar mensualmente o programa das actividades a desenvolver, nos primeiros cinco días do mes seguinte.*

3. *Acreditar ante o Concello a realización da actividade e cumprir cos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención.*

4. *Someterse ás actuación de comprobación e facilitar canta documentación e datos lle sexan solicitados en relación coas facultades de control da actividade subvencionada.*

5. *Realizar a actividade co persoal requirido na cláusula quinta deste convenio para o desenvolvemento das actividades obxecto do mesmo.*

6. *Asumir toda a responsabilidade que puidese derivarse da organización e desenvolvemento das actividades definidas para alcanzar a finalidade deste Convenio de tal forma que o Concello de Vigo quede exonerada de calquera clase de responsabilidade. A tal fin, deberá*

7. *contratar unha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades. A ASOCIACIÓN entregará ao Servizo de Xuventude  copia da póliza e do recibo de pago correspondente antes da firma do presente convenio.*

8. *Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.*

9. *Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.*

***DÉCIMO SEGUNDA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN***

*Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.*

*Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

***DÉCIMO TERCEIRA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN***

*A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude.*

*O persoal técnico do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.*

***DÉCIMO CUARTA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE***

*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.*

*O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso a Información Pública e Bo Goberno.*

***DÉCIMO QUINTA .- REINTEGRO***

*Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*O incumprimento da obriga de destinar á actividade un mínimo de dúas persoas configúrase como unha obriga esencial na actividade obxecto da subvención, cuxo incumprimento dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e ao reintegro das cantidades percibidas.*

***DÉCIMO SEXTA .- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS***

*En canto ás infracción e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 14:50 | Páxina 85 de 98 |
|---|---|---|
| 2071-1102 Aprobado por XGL 24/04/2026 | CSV: A9B1A2-DDD1D6-534DD2-W9UJ6H-USVGPW-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

***DÉCIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS***

*De acordo co previsto no artigo 64 do regulamento dá Lei 38/2003 xeral de subvencións, a resolución ou acordo de concesión poderase modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevenidas ou imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.*

*En tal caso, a proposta de modificación haberá de comunicarse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que a xustifiquen á Concellería de Xuventude estando suxeita á aprobación do órgano concedinte da subvención. Así mesmo, unha vez adoptada a resolución da concesión, poderá realizarse un reaxuste na distribución dos gastos da actividade subvencionada, previa autorización do órgano concedinte e sempre que a autorización non dane dereitos de terceiros.*

*O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, a ASOCIACIÓN quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incorrer, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.*

***DÉCIMO OITAVA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO***

*De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.*

*Serán causas de resolución:  motivo de resolución do convenio incorrer nalgunha da seguintes causas:*

1. *O transcurso do prazo de vixencia do convenio.*
2. *Acordo unánime de todos os asinantes.*
3. *Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar a parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo ao valor económico das obrigas deixadas de cumprir.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
5. Por calquera outra causa distintas anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

**DÉCIMO NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS**

*A ASOCIACIÓN está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria*

*Os datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Xuventude do Concello de Vigo.*

**VIXÉSIMA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE**

*Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en virtude do establecido no artigo 6 do devandito texto legal.*

*A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Regulamento de desenvolvemento desta Lei, aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xuño, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polas restantes normas de dereito administrativo: a lexislación básica do estado en materia de réxime local; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdicional contencioso-administrativo.*

*E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio na data da sinatura dixital,*

*O Presidente da AVCD de Lavadores prego,*

*Asdo: D. Manuel Costas Rodríguez*

*A Concelleira da Área de Goberno de Em-*

*Patrimonio, Tecnoloxía E Relación coas empresas, Turismo e Xuventude*
*Asdo: Dna. Ana María Mejías Sacaluga*

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 14:50 | Páxina 87 de 98 |
|---|---|---|
| 2071-1102 Aprobado por XGL 24/04/2026 | CSV: A9B1A2-DDD1D6-534DD2-W9UJ6H-USVGPW-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Por todo o exposto **proponse a Xunta de Goberno Local** a Adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:**"Aprobación do texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil entre o Concello de Vigo e o Asociación Veciñal,Cultural e Deportiva de Lavadores, que se achega ao presente expediente.

**SEGUNDO:** Aprobar o gasto de 28.000,00 EUROS a favor da entidade Asociación Veciñal de Lavadores CIF: G36633618 con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.02 do vixente orzamento.

**TERCEIRO:** Que se libre a cantidade de 14.000 EUROS correspondentes ao 50% do total á sinatura deste convenio, e o 50% restante (14.000 EUROS) á finalización do mesmo  por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada. Ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro con fins estritamente de carácter social non se esixen garantías.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Proposta de nomeamento como funcionarios en prácticas de vinte e tres bombeiros/as de extinción de incendios: Oferta de emprego público 2020-2021-2022. Expte. 48074/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

**14(298).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS DE VINTE E TRES BOMBEIROS/AS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICA 2020-2021-2022. Expte. 48074/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/04/2026, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**Antecedentes**:

**I.-** O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade 23 prazas de Bombeiro/a de extinción de incendios en réxime funcionarial e incluídas no subgrupo C2 de titulación, acceso libre vacantes no Cadro de Persoal Municipal e incluídas nas Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2020-2021-2022 (BOP nº 169 30/08/2024), na súa sesión de 30/12/2025, acordou:

*“**PRIMEIRO**.- Propoñer o nomeamento como funcionarios en prácticas con cargo ás vinte e tres (23) prazas vacantes de BOMBEIRO/A , enmarcadas no Subgrupo C2 de titulación; escala de administración especial; subescala de servizos especiais; clase extinción de incendios, que figuran incluídas nas Ofertas de Emprego Público 2020, 2021 e 2022 (1ª fase da convocatoria) do Concello de Vigo aos aspirantes que a continuación se relacionan, por ser os que acadaron a maior puntuación no proceso selectivo:*

| *APELIDOS* | *NOME* | *NIF* | *TOTAL* |
|---|---|---|---|
| *GOMEZ ALONSO* | *J.* | ****7665*** | ***9,41*** |
| *MILLAN GARCIA* | *E.* | ****8890*** | ***9,08*** |
| *PELETEIRO REY* | *A.* | ****8135*** | ***8,86*** |
| *COUSO MOLANES* | *A.* | ****5059*** | ***8,83*** |
| *MAQUIEIRA FERNANDEZ* | *A.* | ****0828*** | ***8,79*** |
| *RODRIGUEZ RIAL* | *B.* | ****1830*** | ***8,75*** |
| *MOLEDO GONZALEZ* | *R.* | ****3076*** | ***8,72*** |
| *CARBALLO CAMIÑO* | *A.* | ****0496*** | ***8,61*** |
| *LAMAZARES BARREIRO* | *I.* | ****7631*** | ***8,49*** |
| *RODRIGUEZ BAPTISTA* | *D.* | ****8438*** | ***8,48*** |
| *BARCIELA CORUGEIRA* | *D.* | ****0122*** | ***8,43*** |
| *RODRIGUEZ ALVAREZ* | *R. M.* | ****4726*** | ***8,41*** |
| *ZAMORA RAMIREZ* | *E.* | ****0765*** | ***8,29*** |
| *SANCHEZ SANCHEZ* | *A.* | ****0302*** | ***8,28*** |
| *LEIROS RIOS* | *S.* | ****1487*** | ***8,27*** |



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 14:50 | Páxina 89 de 98 |
|---|---|---|
| 2071-1102 Aprobado por XGL 24/04/2026 | CSV: A9B1A2-DDD1D6-534DD2-W9UJ6H-USVGPW-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | | | |
|---|---|---|---|
| TRILLO CURRA | S. | ***8501** | **8,25** |
| FERNANDEZ COSTAS | D. | ***9612** | **8,25** |
| LORENZO BOULLOSA | Y. | ***9606** | **8,16** |
| MOLARES SEQUEIROS | A. | ***7577** | **8,15** |
| CORBACHO RODRIGUEZ | A. | ***8476** | **8,14** |
| FERRAZ CASTIÑEIRAS | R. | ***9485** | **8,05** |
| CALVO GARCIA | P. | ***6704** | **8,03** |
| AGROMAYOR LEDO | M. | ***6140** | **8,02** |

***SEGUNDO.-*** *De conformidade coa Base 8.4.6 das Xerais realízase una relación complementaria de aspirantes que seguen aos propostos, para o seu posible nomeamento como funcionarios en prácticas cando se produzan os supostos previstos legalmente.*

| APELIDOS | NOME | NIF | TOTAL |
|---|---|---|---|
| FERNANDEZ MATEO | P. | ***3238** | **7,96** |
| POSADA CONDE | J. A. | ***6970** | **7,84** |
| LORENZO RODRIGUEZ | J. M. | ***6877** | **7,84** |
| ALVAREZ MUÑIZ | L. | ***7443** | **7,80** |
| ALVAREZ FERNANDEZ | A. | ***5306** | **7,77** |
| CASTRO BARREIRO | A. | ***4933** | **7,72** |
| GUERREIRO MATO | A. | ***4415** | **7,71** |
| TAIBO CASTRO | M. | ***4748** | **7,70** |
| VELASCO FERREIROS | H. | ***6189** | **7,65** |
| CORCHERO MORAIS | R. | ***9424** | **7,64** |
| DE LA PUENTE MARTIN | F. | ***3287** | **7,62** |
| SOLIÑO GANDARA | R. | ***9143** | **7,50** |
| PENA GARCIA | R. | ***9908** | **7,50** |
| MORANDEIRA VÁZQUEZ | D. | ***2535** | **7,46** |
| GUISANDE RAMIREZ | J. L. | ***8015** | **7,40** |
| BASTON OTERO | N. | ***1984** | **7,32** |
| JUNCAL MOREIRA | A. | ***2286** | **7,31** |
| LOPEZ GOMEZ | M. | ***8518** | **7,26** |
| OUBIÑA ALLO | J. L. | ***8049** | **7,21** |
| COUSILLAS RODRIGUEZ | J. | ***4394** | **7,12** |
| ALVAREZ SOUTO | D. | ***8783** | **7,08** |
| SANTODOMINGO LAFUENTE | M. | ***9387** | **7,00** |
| RODRIGUEZ LLORCA | J. | ***7564** | **6,87** |
| NUÑEZ ZAPATA | B. | ***9166** | **6,84** |
| FIDALGO OITAVEN | M. | ***0447** | **6,83** |
| GONZALEZ CARRERA | S. | ***1896** | **6,79** |
| GIRALDEZ OTERO | J. | ***8211** | **6,78** |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

| *APELIDOS* | *NOME* | *NIF* | *TOTAL* |
|---|---|---|---|
| *SANCHEZ SANCHEZ* | *A.* | ****0303*** | ***6,67*** |
| *MELON LEIRO* | *M. A.* | ****6028*** | ***6,57*** |
| *COMESAÑA LAGO* | *B.* | ****7311*** | ***6,54*** |
| *LOIRA REBOIRAS* | *F.* | ****6065*** | ***6,45*** |
| *RODRIGUEZ DAVILA* | *D.* | ****9979*** | ***6,41*** |
| *CALLEJA BARCIA* | *C.* | ****8237*** | ***6,39*** |
| *BARRAL NOYA* | *R.* | ****0566*** | ***6,39*** |
| *VEIRAS MOSQUERA* | *M.* | ****6546*** | ***6,36*** |
| *LANDEIRA PEREZ* | *M.* | ****8516*** | ***6,20*** |
| *BLANCO FUENTES* | *N.* | ****1105*** | ***6,19*** |
| *MARTINEZ GONZALEZ* | *D.* | ****6041*** | ***6,15*** |
| *AROSA CARBALLA* | *R.* | ****6205*** | ***6,08*** |
| *REGUEIRA MARTINEZ* | *P.* | ****8437*** | ***6,05*** |
| *LISTE RECAREY* | *J. D.* | ****3823*** | ***5,91*** |
| *PONTE SANDE* | *H.* | ****6062*** | ***5,90*** |
| *SENDIN LAMA* | *A.* | ****6534*** | ***5,68*** |

*...”*

**II.-** O anuncio correspondente foi publicado no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo o día 19/12/2026.

**III.-** En data 16/01/2026, a Xunta de Goberno Local, adoptou o seguinte acordo (expte. Núm. 45410-220):

*"ÚNICO: DESESTIMAR O RECURSO DE ALZADA interposto por D. Samuel Martinez Fernández o día 13/08/2025, documento nº 250220645, no que solicita se admita o recurso e se revoque a decisión tomada con retroacción das actuacións ao momento no que se lle expulsou ou permitíndolle a realización dos exercicios para ser ubicado na posición que lle corresponde, de conformidade coas bases que rexen o procedemento selectivo para a provisión en propiedade de vinte e tres (23) prazas de funcionario de carreira bombeiro/a en quenda libre, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2020, 2021 e 2022 (BOE nº 223.14/09/2024). polas razóns xurídicas expostas.-*

**IV.-** Teñen presentado renuncia ao nomeamento como funcionario en prácticas na praza de bombeiro/a os/as aspirantes propostos/as para o nomeamento polos órganos encargados de xulgar os procesos selectivos para a provisión de 23 prazas de bombeiro/a incluídas na OEP 2020-21-22 :

| APELIDOS | NOME | NIF | DOCUMENTO NÚM. |
|---|---|---|---|
| RODRIGUEZ RIAL | B. | ***1830** | 260068852 |
| BARCIELA CORUGEIRA | D. | ***0122** | 260069326 |
| RODRIGUEZ ALVAREZ | R. M. | ***4726** | 260069708 |

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| | | | |
|---|---|---|---|
| CORBACHO RODRIGUEZ | A. | ***8476** | 260069291 |

Á vista da listaxe complementaria proposta polo órgano de selección, procedeuse a requirir aos candidatos que se indican a presentación da documentación requirida polas bases da convocatoria para o nomeamento como funcionario/a en prácticas:

| APELIDOS | NOME | NIF |
|---|---|---|
| FERNANDEZ MATEO | P. | ***3238** |
| POSADA CONDE | J.A. | ***6970** |
| LORENZO RODRÍGUEZ | J.M. | ***6877** |
| ÁLVAREZ MUÑIZ | L. | ***7443** |

Asemade, ten presentado renuncia a persoa candidata incluída na listaxe complementaria proposta polo órgano de selección:

| APELIDOS | NOME | NIF | DOCUMENTO NÚM. |
|---|---|---|---|
| FERNANDEZ MATEO | P. | ***3238** | 260076581 |

A vista do que antecede, reqiriuse a documentación exixida polas bases da convocatoria ao seguinte candidato segundo a listaxe complementaria aprobada polo órgano de selección:

| APELIDOS | NOME | NIF |
|---|---|---|
| ÁLVAREZ FERNÁNDEZ | A. | ***5306** |

**IV.-** Segundo consta nas dilixencias de constancia de datas 25/03/2023, 8/04/2026, e 10/04/2026 incorporadas ao expediente os aspirantes propostos presentaron no devandito prazo a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases”

**V.-** Revisados os datos na aplicación de Ginpix7, salvo erro ou omisión, constan en data actual 34 vacantes do posto 132- BOMBEIRO/A.

Asemade, figuran os/as seguintes funcionarios/as interinos con cargo a prazas de Bombeiro ou Condutor Bombeiro incluídas nas OEP 2020-2021-2022,

| codipues | nombre_puesto | codi_ofi1 | desc_ofi1 | codiempl | nombre_empleado | OEP |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 132 | BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 85114 | ALVAREZ MUÑIZ, L. | 2022 |
| 132 | BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84802 | BARCIELA CORUGEIRA, D. | 2020 |
| 132 | BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 85113 | BASTON OTERO, N. | 2022 |
| 132 | BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84796 | CARBALLO CAMIÑO, A. | 2021 |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

| codipues | nombre_puesto | codi_ofi1 | desc_ofi1 | codiempl | nombre_empleado | OEP |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 132 | BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84947 | CORBACHO RODRIGUEZ, A. | 2021 |
| 132 | BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84803 | COUSO MOLANES, A. | 2020 |
| 132 | BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84946 | FERNANDEZ COSTAS, D. | 2021 |
| 132 | BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84950 | MAQUIEIRA FERNANDEZ, A. | 2021 |
| 132 | BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84948 | PELETEIRO REY, A. | 2021 |
| 132 | BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84956 | RODRIGUEZ ALVAREZ, R. M. | 2022 |
| 132 | BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84801 | SANCHEZ SANCHEZ, A. | 2020 |
| 133 | CONDUCTOR/A BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84791 | COMESAÑA MARTINEZ, B. | 2020 |
| 133 | CONDUCTOR/A BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84790 | LAGO BARCIELA, M. | 2020 |
| 133 | CONDUCTOR/A BOMBEIRO/A | 213 | EXTINCION DE INCENDIOS | 84789 | RODRIGUEZ RIAL, B. | 2021 |

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**I.- Normativa de aplicación.-** -Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
  "*1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.*"
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que*"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado so-*

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

*bre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

**II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de en prácticas en atención ao marco normativo vixente.**

De conformidade co previsto na Base IX das específicas, en relación coa base décimo quinta das xerais, as persoas aspirantes aprobadas unha vez aportada toda a documentación esixida nestas, serán nomeados funcionarios en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C2 de titulación, e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas), debendo superar un curso teórico-práctico de 253 horas lectivas, antes do seu nomeamento definitivo como funcionario/a de carreira.

**III.- Observacións respecto da xornada e horario.**
En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instruccións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

**IV.- .- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

**V. - Órgano municipal competente.**
De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta da Sra. Concelleira da Área de Goberno de Contratación, Seguridade, Festas e Xestión Municipal, segundo as coas competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade coas delegacións competenciais por Decreto da Alcaldía do 28/06/2024, acordo da Xunta de Goberno Local de

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

7/11/2025, sobre a delegación de competencias en materia de persoal, a vista do informe de fiscalización favorable da Intervención Xeral Municipal de data 15/04/2026, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**"PRIMEIRO:** Aceptar a renuncia ao nomeamento como funcionario en prácticas con cargo ás prazas convocadas de Bombeiro, acceso libre, enmarcadas no subgrupo C2 de titulación, aos aspirantes propostos polo órgano de selección que se indican deseguido:

| APELIDOS | NOME | NIF | DOCUMENTO NÚM. |
|---|---|---|---|
| RODRIGUEZ RIAL | B. | ***1830** | 260068852 |
| BARCIELA CORUGEIRA | D. | ***0122** | 260069326 |
| RODRIGUEZ ALVAREZ | R. M. | ***4726** | 260069708 |
| CORBACHO RODRIGUEZ | A. | ***8476** | 260069291 |
| FERNANDEZ MATEO | P. | ***3238** | 260076581 |

**SEGUNDO:** Cesar como persoal funcionario interino, con cargo ás prazas vacantes de Condutor/a Bombeiro ou Bombeiro/a correspondente ás ofertas de emprego público dos anos 2020-2021-2022, con efectos dende o día anterior da toma de posesión dos nomeados/as como persoal funcionario en prácticas con cargo a ditas prazas, a:

| POSTO | NP | APELIDOS E NOME | OEP |
|---|---|---|---|
| BOMBEIRO/A | 85114 | ALVAREZ MUÑIZ, L. | 2022 |
| BOMBEIRO/A | 85113 | BASTON OTERO, N. | 2022 |
| BOMBEIRO/A | 84796 | CARBALLO CAMIÑO, A. | 2021 |
| BOMBEIRO/A | 84803 | COUSO MOLANES, A. | 2020 |
| BOMBEIRO/A | 84946 | FERNANDEZ COSTAS, D. | 2021 |
| BOMBEIRO/A | 84950 | MAQUIEIRA FERNANDEZ, A. | 2021 |
| BOMBEIRO/A | 84948 | PELETEIRO REY, A. | 2021 |
| BOMBEIRO/A | 84801 | SANCHEZ SANCHEZ, A. | 2020 |

**TERCEIRO.-** Nomear **funcionarios en prácticas** con cargo ás 23 prazas convocadas de **Bombeiro/a**, acceso libre, enmarcadas no sugrupo C2 de titulación; escala, administración especial; subescala, servizos especiais; clase, extinción de incendios, categoría, condutor/a bombeiro/a, incluídas nas OEP 2020-2021-2022 (1ª fase), aos seguintes aspirantes propostos polo Órgano de Selección e que se relacionan a continuación:

| APELIDOS | NOME | NIF | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|
| GOMEZ ALONSO | J. | ***7665** | **9,41** |
| MILLAN GARCIA | E. | ***8890** | **9,08** |
| PELETEIRO REY | A. | ***8135** | **8,86** |

S.ord. 17/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| APELIDOS | NOME | NIF | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|
| COUSO MOLANES | A. | ***5059** | **8,83** |
| MAQUIEIRA FERNANDEZ | A. | ***0828** | **8,79** |
| MOLEDO GONZALEZ | R. | ***3076** | **8,72** |
| CARBALLO CAMIÑO | A. | ***0496** | **8,61** |
| LAMAZARES BARREIRO | I. | ***7631** | **8,49** |
| RODRIGUEZ BAPTISTA | D. | ***8438** | **8,48** |
| ZAMORA RAMIREZ | E. | ***0765** | **8,29** |
| SANCHEZ SANCHEZ | A. | ***0302** | **8,28** |
| LEIROS RIOS | S. | ***1487** | **8,27** |
| TRILLO CURRA | S. | ***8501** | **8,25** |
| FERNANDEZ COSTAS | D. | ***9612** | **8,25** |
| LORENZO BOULLOSA | Y. | ***9606** | **8,16** |
| MOLARES SEQUEIROS | A. | ***7577** | **8,15** |
| FERRAZ CASTIÑEIRAS | R. | ***9485** | **8,05** |
| CALVO GARCIA | P. | ***6704** | **8,03** |
| AGROMAYOR LEDO | M. | ***6140** | **8,02** |
| POSADA CONDE | J. A. | ***6970** | **7,84** |
| LORENZO RODRIGUEZ | J. M. | ***6877** | **7,84** |
| ALVAREZ MUÑIZ | L. | ***7443** | **7,80** |
| ALVAREZ FERNANDEZ | A. | ***5306** | **7,77** |

**CUARTO.-** Aprobar a lista de reserva de Bombeiro/a, (subgrupo C2) derivada da execución da 1ª fase da OEP 2020-2021-2022, que inclúe as persoas que poidan ser temporalmente nomeadas conforme ao establecido nos criterios de listas de reserva do Concello de Vigo, en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación, e segundo proposta e na orde contida na acta do Órgano de Selección, que forman parte inseparable do citado acordo:

| APELIDOS | NOME | NIF | PUNTUACION TOTAL |
|---|---|---|---|
| CASTRO BARREIRO | A. | ***4933** | **7,72** |
| GUERREIRO MATO | A. | ***4415** | **7,71** |
| TAIBO CASTRO | M. | ***4748** | **7,70** |
| VELASCO FERREIROS | H. | ***6189** | **7,65** |
| CORCHERO MORAIS | R. | ***9424** | **7,64** |
| DE LA PUENTE MARTIN | F. | ***3287** | **7,62** |
| SOLIÑO GANDARA | R. | ***9143** | **7,50** |
| PENA GARCIA | R. | ***9908** | **7,50** |
| MORANDEIRA VÁZQUEZ | D. | ***2535** | **7,46** |
| GUISANDE RAMIREZ | J. L. | ***8015** | **7,40** |
| BASTON OTERO | N. | ***1984** | **7,32** |
| JUNCAL MOREIRA | A. | ***2286** | **7,31** |
| LOPEZ GOMEZ | M. | ***8518** | **7,26** |
| OUBIÑA ALLO | J. L. | ***8049** | **7,21** |
| COUSILLAS RODRIGUEZ | J. | ***4394** | **7,12** |
| ALVAREZ SOUTO | D. | ***8783** | **7,08** |
| SANTODOMINGO LAFUENTE | M. | ***9387** | **7,00** |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado

| APELIDOS | NOME | NIF | PUNTUACION TOTAL |
|---|---|---|---|
| RODRIGUEZ LLORCA | J. | ***7564** | **6,87** |
| NUÑEZ ZAPATA | B. | ***9166** | **6,84** |
| FIDALGO OITAVEN | M. | ***0447** | **6,83** |
| GONZALEZ CARRERA | S. | ***1896** | **6,79** |
| GIRALDEZ OTERO | J. | ***8211** | **6,78** |
| SANCHEZ SANCHEZ | A. | ***0303** | **6,67** |
| MELON LEIRO | M. A. | ***6028** | **6,57** |
| COMESAÑA LAGO | B. | ***7311** | **6,54** |
| LOIRA REBOIRAS | F. | ***6065** | **6,45** |
| RODRIGUEZ DAVILA | D. | ***9979** | **6,41** |
| CALLEJA BARCIA | C. | ***8237** | **6,39** |
| BARRAL NOYA | R. | ***0566** | **6,39** |
| VEIRAS MOSQUERA | M. | ***6546** | **6,36** |
| LANDEIRA PEREZ | M. | ***8516** | **6,20** |
| BLANCO FUENTES | N. | ***1105** | **6,19** |
| MARTINEZ GONZALEZ | D. | ***6041** | **6,15** |
| AROSA CARBALLA | R. | ***6205** | **6,08** |
| REGUEIRA MARTINEZ | P. | ***8437** | **6,05** |
| LISTE RECAREY | J. D. | ***3823** | **5,91** |
| PONTE SANDE | H. | ***6062** | **5,90** |
| SENDIN LAMA | A. | ***6534** | **5,68** |

**QUINTO.-** De conformidade co previsto na Base IX das específicas, en relación coa base décimo quinta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez aportada a documentación esixida, serán nomeados funcionarios en practicas, percibindo en tanto realizan o correspondente curso selectivo, as retribucións que lles correspondan (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C2 de titulación) e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

**SEXTO**.- Os/as aspirantes nomeados/as deberán tomar posesión das súas prazas como funcionarios en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios de carreira a que superen o curso selectivo contemplado nas bases específicas da convocatoria, sen prexuízo de que de conformidade co previsto na Base décimo sexta das Xerais, o nomeamento como funcionarios de carreira, unha vez superado o referido curso selectivo, unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión definitiva, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

**SÉTIMO.-** Notificar o presente acordo aos interesados, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, ao Xefe da Área de Mobilidade e Seguridade e Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

**OITAVO**: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 14:50 | Páxina 97 de 98 |
|---|---|---|
| 2071-1102 Aprobado por XGL 24/04/2026 | CSV: A9B1A2-DDD1D6-534DD2-W9UJ6H-USVGPW-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(299).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 14:50:37

Documento asinado